**IES Ramón Otero Pedrayo**
**A CORUÑA**

# PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE **MÚSICA**

**CURSO 2022/23**

Docentes:
**Juan Pérez Berná (xefe do departamento de música)**
**Beatriz del Río**

# INDICE DE CONTIDOS


*1. ORGANIZACIÓN DO DEPARTAMENTO* ..... *4*

1.1 Horas ao cargo do departamento ..... 4

1.2 Profesorado e docencia ..... 4

1.3 Plan de traballo do departamento ..... 4

*2. PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE MÚSICA 2ºESO* ..... *5*

2.1. Introdución e contextualización. ..... 5

2.2. Obxectivos ..... 6

2.3. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. ..... 6

2.3. Conciencia e expresións culturais ..... 11

2.4. Contidos, secuenciación e temporalización. ..... 12

2.5. Relación dos elementos curriculares. ..... 22

2.6. Metodoloxía didáctica. ..... 33

2.7. Procedementos de avaliación, cualificación e promoción. ..... 34

2.7.1 Procedemento de avaliación inicial ..... 34

2.7.2 Procedemento de avaliación continua e ordinaria ..... 35

2.7.3 Valoración dos coñecementos do alumnado. ..... 36

2.7.4 Procedemento de avaliación final ..... 36

2.7.5 Procedemento de avaliación extraordinaria ..... 36

2.8. Recuperación e avaliación de pendentes. ..... 37

2.9. Medidas de atención á diversidade. ..... 37

2.10. Elementos transversais. ..... 37

2.10.1 Proxecto lector. ..... 37

2.10.2 Achegas ás TICs do Departamento da Música. ..... 38

2.11. Actividades complementarias e extraescolares. ..... 39

2.12. Avaliación do proceso de ensino da práctica docente. ..... 39

2.13. Avaliación da programación didáctica. ..... 40

*3. PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE MÚSICA 4ºESO* ..... *41*

3.1. Introdución e contextualización. ..... 41

3.2. Obxectivos ..... 42

3.3. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. ..... 42

4.4 Contidos, secuenciación e temporalización. ..... 47

4.5. Relación dos elementos curriculares. ..... 55

4.6 Metodoloxía didáctica. ..... 61

3.4. Procedementos de avaliación, cualificación e promoción. ..... 63

3.5. Recuperación e avaliación de pendentes. ..... 65

3.6. Medidas de atención á diversidade. ..... 65

3.7. Elementos transversais. 66
3.8. Actividades complementarias e extraescolares. 67
3.9. Avaliación do proceso de ensino da práctica docente. 67
3.10. Avaliación da programación didáctica. 68
4. GLOSARIO. 80

# 1. ORGANIZACIÓN DO DEPARTAMENTO

## 1.1 Horas ao cargo do departamento

| Materias | Curso | Grupos | Horas/Grupo | Total Horas |
|---|---|---|---|---|
| MÚSICA | 2º ESO | 5 | 2 | 10 |
| MÚSICA | 3º ESO | 3 | 2 | 6 |
| MÚSICA | 4º ESO | 1 | 3 | 3 |
| AAEE | 4º ESO | 1 | 1 | 3 |

## 1.2 Profesorado e docencia

| Profesorado | Materias e grupos asignados |
|---|---|
| Juan Pérez Berná | Música 2ºA, 2ºB, 2º C, 2º D, 2º E<br>Música 3ºA, 3ºB-PDC, 3ºC<br>Música 4ºA-C |
| Beatriz del Río | AAEE 4º ESO |

## 1.3 Plan de traballo do departamento

| |
|---|
| Setembro- Valoración dos resultados do curso anterior e elaboración das programacións didácticas.<br>Concreción da programación de actividades complementarias e elaboración das memorias nos días seguintes a súa realización. Revisión dos contidos da Aula Virtual.<br>Seguimento mensual do desenvolvemento da programación.<br>Revisión do inventario.<br>Valoración trimestral dos resultados.<br>Seguimento trimestral do desenvolvemento das actividades lectoras e implantación das Tic.<br>Maio/xuño- Valoración dos resultados das materias pendentes.<br>Xuño- Valoración dos resultados finais. Avaliación do proceso de ensino e práctica docente, avaliación da programación didáctica e elaboración da memoria |

# 2. PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE MÚSICA 2ºESO

## 2.1. Introdución e contextualización.

O ensino da música precisa potencia-la capacidade dos alumnos para escoitar, recoñecer e rete-las relacións que configuran as estruturas musicais. Polo tanto é absolutamente necesaria a participación do alumnado ó que se debe motivar con estímulos que a faciliten. Para favorecer esta participación faise necesario manter na aula un clima de silencio e de respecto.

Inseparablemente unidas a esas capacidades perceptivas atópanse as de índole expresiva que a educación musical debe promover, máxime tendo en conta a postura activa dos adolescentes cara á música. Estas capacidades perfeccionaranse mediante o cultivo de:

- A voz, coa que se adquiren destrezas relativas á respiración, emisión e interpretación.
- As habilidades instrumentais, que desenvolven as capacidades motrices básicas, mediante a coordinación auditiva, táctil e visual, así como de relación entre a lectura musical e a execución.

Os contidos da materia de Música no ensino secundario obrigatorio teñen “como obxecto guiar e afianzar os coñecementos musicais e a actitude ante a música que o alumnado alcanzou na educación primaria situándoos nun marco de competencias que lle posibilite gozar da creación e da escoita musical; así mesmo, ten o obxecto de establecer puntos de contacto entre a música de carácter masivo e a gran tradición musical, xa que é un medio habitual de diversión e entretemento entre os mozos e mozas; por isto cómpre afondar nesta etapa nas raíces culturais da música galega e a europea, recoñecéndoa como parte fundamental do noso patrimonio cultural, xa que, soamente a través do coñecemento profundo da nosa realidade cultural será posible desenvolver un achegamento ás culturas musicais de outros pobos”.

“O alumnado que inicia esta etapa vén de coñecer na educación primaria os fundamentos musicais máis xerais, polo que na nova etapa da súa formación está en condicións de afondar neles a través dunha metodoloxía analítica e propedéutica, que incida nos aspectos vertebradores da materia na educación secundaria obrigatoria e que son:

Bloque 1. A interpretación e a creación.
Bloque 2. A escoita.
Bloque 3. Os contextos musicais e culturais.
Bloque 4. Música e tecnoloxías.

O actual regulamento aborda nun mesmo grupo os contidos, obxectivos e criterios de avaliación dos cursos segundo e terceiro, deixando ao criterios dos docentes a secuenciación deles. Este regulamento advirte ademais que “da organización dos contidos en bloques non se deriva unha priorización na súa secuencia”.

Polo tanto a secuenciación que aquí se plantexa ten en conta ademais dos procedementos que a actual lexislación contempla, a realidade do entorno escolar. O IES Otero Pedrayo está situado na cidade de A Coruña, máis concretamente no Barrio de Monelos.

Esta zona da cidade de A Coruña atópase moi ben comunicada, tendo todo tipo de servizos. Na actualidade trátase dunha área moi desenvolvida, xa que está ao carón da Xunta de Galicia, do Centro Cívico de Monelos, A Biblioteca Pública e o

CEP María Pita. Por tratarse dun núcleo urbano importante ten unha gran diversidade de alumnado (inmigrantes, alumnado de etnia xitana).

Respecto ao tema Musical, a pesares de que a cidade conta con Conservatorio Profesional e Superior de Música e Escola Municipal, non se observa moito alumnado que asista a clases de Música extraescolares.

## 2.2. Obxectivos.

### 2.2.1. Obxectivos de 2º curso

1. Utilizar a voz, o corpo, obxectos, instrumentos e dispositivos electrónicos para expresar ideas e sentimentos, enriquecendo as propias posibilidades de comunicación e respectando outras formas distintas de expresión.
2. Desenvolver e aplicar diversas habilidades e técnicas que posibiliten a creación, interpretación vocal e a instrumental, o movemento e a danza, tanto de forma individual como en grupo.
3. Escoitar unha ampla variedade de obras, de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais , apreciando o seu valor como fonte de coñecemento, enriquecemento intercultural e gozo persoal, interesándose por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.
4. Utilizar de forma autónoma diversas fontes de información- medios audiovisuais, internet, textos, partituras e outros recursos gráficos- para o coñecemento e gozo da música.
5. Participar na organización e realización de actividades musicais desenvolvidas nos diferentes contextos, con respecto e disposición para superar estereotipos e prexuízos, tomando conciencia como membro dun grupo, do enriquecemento que se produce coas contribucións dos demais.
6. Valorar o silencio e o son como fenómenos naturais e como elementos musicais, tomando conciencia da súa función como parte integral do ambiente e utilizando coñecementos da ecoloxía acústica para aproximarse a paisaxes sonoras de diferentes épocas e espazos para combater a polución sonora.

## 2.3. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

Coa aprendizaxe da música as alumnas e os alumnos que rematen o ensino obrigatorio acadarán os obxectivos educativos propios da área, pero tamén desenvolverán as competencias clave.

### 2.3.1 Comunicación lingüística.

Nas clases de música a linguaxe utilízase como instrumento de representación, comprensión e interpretación da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización do pensamento a través da lectura comprensiva dos textos explicativos da materia, onde se tratan os contidos teóricos referidos ao uso e interpretación da simboloxía da linguaxe musical, ao coñecemento de estilos e etapas creativas, á ciencia organolóxica, ou mesmo a través do procesamento da información que se difunde sobre intérpretes e compositores. Tamén a través da lectura comprensiva dos enunciados das actividades propostas, da lectura sobre mulleres compositoras ou relacionadas dalgún xeito ca música e das letras de cancións, se desenvolve esta competencia básica.

A lingua como instrumento de comunicación de mensaxes orais que se intercambian en situacións comunicativas diversas é unha constante nas clases de música, nas explicacións sobre como interpretar partituras, enunciado de normas para compoñer, improvisar, tocar, cantar, actuar en conxunto, etc.

Outras funcións da linguaxe, como son dialogar, expresar pensamentos, emocións, opinións, formarse un xuízo crítico e ético, acádanse nas clases de música mediante a exposición das características musicais presentes nas audicións, enmarcando a obra, así como mediante a expresión dos propios gustos, a través da elaboración de opinións fundadas, xuízos de valor e mesmo aprendendo a utilizar os termos axeitados para describir unha determinada peza musical.
Moitos dos contidos da materia trabállanse visualizando películas e documentais e traballando os contidos de maneira oral e escrita, dado que moitos destes materiais audiovisuais están en inglés subtitulado, trabállase tamén o uso funcional dunha lingua estranxeira.
Descritores a ter en conta para o desenvolvemento desta competencia:
- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
- Respectar as normas de comunicación en calquera contexto.
- Manexar elementos de comunicación non verbal ou diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.
- Aprender un repertorio de cancións –orais e escritas– en lingua galega e castelá.
- Empregar a voz e o propio corpo como instrumentos de expresión e comunicación.
- Relacionar o ritmo coa palabra.

**<u>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE 2º DE ESO</u>**

1. MUB1.1.1. Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada.
2. MUB2.4.1. Describe os elementos das obras musicais propostas.
3. MUB2.4.3. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita, con rigor e claridade.
4. MUB3.4.2. Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.
5. MUB3.4.1. Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais

**2.3.2 Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.**
Esta competencia desenvólvese en música basicamente a través de dúas canles: por unha banda, a métrica, que vén artillada polas relacións de divisibilidade e proporcionalidade entre figuras (as figuras son representacións gráficas de duracións de diversas magnitude e a construción rítmica precisa da capacidade para solucionar problemas aritméticos con fraccións), e, por outra banda, a medida da altura, a través das unidades ton e semitón, tendo que utilizar nesta materia de xeito constante o cálculo mental para obter resultados sinxelos de forma exacta.
Desta forma se manexan os elementos matemáticos básicos en situacións procedentes doutros campos de coñecemento, neste caso, do eido musical.
Descritores a ter en conta para o desenvolvemento desta competencia:
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que ocorre ao noso arredor.
- Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico.
- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.
- Traballar visual e auditivamente e interpretar a proporción matemática en ritmogramas e musicogramas.
- Traballar a relación matemática dos compases cos elementos que integran a escritura no pentagrama.

- Adquirir coñecemento instrumental fixándose no corpo vibrante e na súa orixe.

**ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE 2º ESO**

1. MUB1.1.2. Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais.
2. MUB1.1.3. Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias.
3. MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízaas como ferramentas para a actividade musical.
4. MUB4.1.2. Participa na produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías.
5. MUB4.2.1. Utiliza de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical

**2.3.3 Competencia dixital.**

Na área de Música cómpre facer uso das novas tecnoloxías da información para ampliar e actualizar certos contidos. Os alumnos e alumnas poderán deste xeito aumentar os seus coñecementos en determinados ámbitos de forma autónoma e eficaz.

Por outra banda, os alumnos traballan con programas informáticos de composición e edición musical, á parte de programas de procesamento de textos ou textos e imaxes, co que producen de modo eficiente información utilizando novos recursos expresivos.

Descritores a ter en conta para o desenvolvemento desta competencia:

- Elaborar e publicitar información propia derivada da información conseguida a través de medios tecnolóxicos.
- Empregar distintas fontes para a pesquisa de información.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción do coñecemento.
- Presentar os aparellos e soportes de tecnoloxía dixital e analóxica de son: radiocasetes, CD, reprodutores mp3, mp4, mini discs...

**ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE 2º ESO**

1. MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízaas como ferramentas para a actividade musical.
2. MUB4.1.2. Participa na produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías.

**2.3.4 Aprender a aprender.**

Esencialmente a aprendizaxe de calquera instrumento musical desenvolve actitudes de auto superación e auto disciplina, implicando a conciencia, xestión e control das propias capacidades e coñecementos dende un sentimento de competencia ou eficacia persoal. Por todo isto, consideramos que os alumnos e alumnas estudando música aprenden a aprender.

Descritores a ter en conta para o desenvolvemento desta competencia:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe.

- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
-Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.
-Aprender a ter capacidade autocrítica, reflexionando sobre o esforzo e os logros acadados por medio da auto avaliación.
-Ter iniciativa persoal na elaboración de fichas creativas; así como nos remates plásticos das follas.
-Ter curiosidade e interese individual na aprendizaxe de conceptos musicais e interdisciplináis.
-Aprender e practicar estratexias lingüísticas para realizar oralmente descricións dos sons que escoitan coa axuda dun apoio visual.

**<u>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE 2º DE ESO</u>**

1. MUB1.3.1. Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.
2. MUB1.3.2. Utiliza os elementos e os recursos adquiridos para elaborar arranxos e crear cancións, pezas instrumentais e coreografías.
3. MUB1.4.1. Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.
4. MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público.
5. MUB1.5.1. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas.
6. MUB3.5.2. Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.

### 2.3.5 Competencias socias e cívicas

Escoitando, tocando, cantando e analizando músicas de diversas culturas os alumnos e alumnas aprenden valores como a tolerancia, a apertura a novas formas de expresión ou o respecto e gozan co enriquecemento que supón o acercamento a diferentes realidades. Como cada día a nosa sociedade é máis plural, estas experiencias serven para favorecer a formación dunha conciencia cívica e para aprender a exercer a cidadanía democrática.
As manifestacións culturais actuais-e entre elas, as musicais proceden en gran medida das achegas das diferentes culturas ao longo dos séculos. Comprender isto amplía a visión dos alumnos e alumnas, e favorece o desenvolvemento do sentimento de cidadanía global.
Noutra orde de cousas, nas interpretacións colectivas os alumnos e alumnas teñen que aprender a aceptar as normas que esixe toda actividade grupal cooperativa, co que se lles ensina a manter unha actitude construtiva, solidaria e responsable, algo indispensable para a convivencia democrática.
Descritores a ter en conta para o desenvolvemento desta competencia:
- Desenvolver a capacidade de diálogo con demais en situacións de convivencia e traballo, e para a resolución de conflitos.
- Amosar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer a riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Evidenciar preocupación por los más desfavorecidos y respecto a los distintos ritmos y potencialidades.
- Desenvolver habilidades de cooperación para conseguir un resultado grupal satisfactorio.

- Comprender a realidade da pluralidade social actual coa que convivimos e aprender a respectarnos.
- Traballar o respecto e a actitude de escoita nas intervencións individuais dos compañeiros.
- Aceptar nas danzas e coreografías aos compañeiros se discriminar a ninguén.

**ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE 2º DE ESO**

1. MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.
2. MUB1.6.3. Amosa apertura e respecto cara ás propostas do profesorado e dos compañeiros e as compañeiras.
3. MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.MUB2.5.1. Toma conciencia da contribución da música á calidade da experiencia humana, amosando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música.

### 2.3.6 Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Aprendendo a ler e interpretar partituras, a diferenciar estilos e parámetros musicais en audicións, a compoñer e/ou arranxar pezas musicais, a coordinarse nas interpretacións colectivas e nos traballos de investigación en grupo nos que cómpre facer repartos de tarefas, os alumnos e alumnas traballan as capacidades necesarias para o desenvolvemento da autonomía e iniciativa persoal.

Descritores a ter en conta para o desenvolvemento desta competencia:
- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.
- Contaxiar entusiasmo pola tarefa e ter confianza nas posibilidades de acadar obxectivos.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos dun tema.
- Atopar posibilidades na contorna que outros non aprecian.
- Amosar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Asumir riscos no desenvolvemento de tarefas ou de proxectos.
- Desenvolver a confianza en si mesmos mediante as dramatizacións con xestos grupais e as coreografías; ademais de fomentar o espírito de superación nas actividades individuais; grazas ás gabanzas do profesorado.
- Valorar e coidar a voz cantando sen forzar as cordas vocais, de forma natural e desinhibida. Elaborar fichas individualmente para desenvolver hábitos de esforzo, traballo individual, iniciativa persoal, curiosidade e creatividade na aprendizaxe.

**ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE 2º DE ESO**

1. MUB1.5.2. Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades, e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.
2. MUB1.6.5. Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.
3. MUB2.5.2. Elabora traballos de indagación sobre a contaminación acústica.
4. MUB3.3.4. Contribúe á conservación, a recuperación e a transmisión do patrimonio musical galego, colaborando na recollida, na gravación e na transcrición de pezas.
5. MUB4.1.2. Participa na produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías.

**2.3. Conciencia e expresións culturais**

A través da escoita e interpretación de pezas musicais os alumnos e alumnas aprenden a achegarse, comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilizalas como fonte de enriquecemento e goce e consideralas como parte do patrimonio dos pobos.

Por unha banda, durante a escoita, desenvolven a habilidade para apreciar e gozar coa arte, enriquecéndose con diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura, pero, por outra banda, mediante actividades de composición e interpretación de pezas musicais, porán en funcionamento a iniciativa, a imaxinación e a creatividade para expresarse a través de códigos artísticos e, na medida en que algunhas actividades culturais e artísticas supoñen en moitas ocasións un traballo colectivo, cómpre dispoñer de habilidades de cooperación para contribuír á consecución dun resultado final.

Descritores a ter en conta para o desenvolvemento desta competencia:

- Expresar sentimentos e emocións mediante códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e as manifestacións de creatividade e amosar gusto pola estética no ámbito cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
- Amosar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertente (artístico-literaria, etnográfica, científico técnica...), e cara ás persoas que contribuíron no seu desenvolvemento.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.

**<u>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE 2º DE ESO</u>**

1. MUB1.6.1. Practica, crea, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos, épocas históricas e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.
2. MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.
3. MUB1.6.5. Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.
4. MUB1.2.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).
5. MUB1.3.1. Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.
6. MUB1.3.2. Utiliza os elementos e os recursos adquiridos para elaborar arranxos e crear cancións, pezas instrumentais e coreografías.
7. MUB1.4.1. Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.
8. MUB1.4.2. Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz.
9. MUB1.6.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.
10. MUB2.1.1. Diferencia as sonoridades dos instrumentos da orquestra, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces.

11. MUB2.1.2. Diferencia as sonoridades dos instrumentos máis característicos da música popular moderna, do folclore e doutras agrupacións musicais.
12. MUB2.2.1. Sigue partituras como apoio á audición.
13. MUB2.4.2. Utiliza de xeito guiado recursos como apoio á análise musical.

## 2.4. Contidos, secuenciación e temporalización.

### 2.4.1 Secuenciación e temporalización dos contidos e criterios de avaliación de 2º Curso ESO.

Os contidos d e 2º ESO teñen como obxectivo principal o coñecemento dos elementos básicos da linguaxe musical e o propósito de ampliar as posibilidades de expresión e comunicación dos alumnos. Estes contidos pretenden afianzar os conceptos, procedementos e actitudes necesarios para afrontar nos cursos posteriores un achegamento á música na cultura e na sociedade do pasado e do noso tempo. Como continuación do estudio realizado durante a etapa de educación primaria, traballaranse os conceptos básicos da linguaxe musical: o son, a melodía, o ritmo, a hhharmonía, a textura, a forma, o timbre, etc.. Ademais, durante2º ESO, engádese un bloque de contidos para achegarse á música na cultura e na sociedade, considerado como unha introdución dos contidos que se desenvolverán nos seguintes cursos. As actitudes elementais para o estudio da música -a escoita atenta, o silencio, o respecto polos demais, a participación, etc..-, forman parte ineludible dos obxectivos, da metodoloxía e da avaliación desta área.

O núcleo vertebral de todos os temas deseñados é a análise do elementos que conforman o discurso musical. Os contidos seleccionados para 2º Curso se secuencian en 9 unidades didácticas ou temas. No Anexo figuran as partituras das composicións a interpretar ao longo do curso e que están vencelladas coas unidades precedentes. Se indica ao lado do título de cada tema a **temporalización** (nº de sesións estimadas), para cada unha de elas.

### 2.4.2 Secuenciación dos contidos e criterios de Avaliación de 2º E.S.O.

**Unidade ou Tema 1. A notación da altura e intensidade.**

Contidos

1. Afondamento a través da práctica, no coñecemento da linguaxe musical.
2. Audición interpretación e recoñecemento dos elementos coñecidos da linguaxe musical.
3. Liña melódica; frase. Escalas maior e menor
4. Signos que afectan á intensidade e ós matices.
5. Lectura musical directa na interpretación vocal e instrumental, tanto individualmente como en formacións diversas (vocais, instrumentais, ou mixtas) con ou sen movemento asociado.
6. Procedemento de selección dos sons musicais.
7. A orixe da afinación musical occidental.*
8. A orixe da notación musical occidental.*
9. A orixe do nome das notas.*
10. A importancia e o papel de Guido d’Arezzo.*
11. Definición e o uso do pentagrama.*
12. Definición e o uso das claves.*
13. Definición e o uso das liñas adicionais.*
14. Lectura de notas en clave de sol.*
15. Lectura de notas en clave de fa.
16. Sistema de notación da intensidade dos sons musicais.

Criterios de avaliación

a) Recoñecer os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, empregando unha linguaxe técnica apropiada ó referirse a eles.
b) Diferenciar as sonoridades e a forma dos instrumentos orquestrais, así como os pertencentes á tradición musical de Galicia, e as tesituras de voz máis comúns.
c) Distinguir os elementos que se empregan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e fa en cuarta; signos que afectan á intensidade e matices)
d) Improvisar e interpretar estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.
e) Analizar e comprender os conceptos de monodia e polifonía e recoñecer, a través da audición, estes tipos de textura e as formas máis sinxelas de construción musical.
f) Relacionar basicamente a musica con algunhas das outras manifestacións artísticas.
g) Intervir nas actividades de interpretación musical (vocal, instrumental ou de movemento) adaptando a súa expresión ó conxunto e respectando as normas básicas de actuación.

**Unidade ou Tema 2. O tempo na música: pulso, figuras e compás.**

Contidos

1. Elementos básicos da linguaxe musical e a súa función: a escritura musical, pentagrama, claves notas e figuras. As alteracións. introdución a lectura na clave de fa en cuarta, empregando instrumental escolar axeitado.
2. tempo: signos e expresións que modifican a velocidade
3. sistema de notación dos sons musicais: figuras e silencios.
4. Partes dunha figura.*
5. A orixe das figuras.
6. Recoñecemento e significado de cada unha das figuras e silencios.*
7. Signos que modifican a proporción das figuras: o puntiño, a ligadura e o caldeirón.*
8. pulso como unidade de medida da música e a súa relación coas figuras.*
9. Establecemento do pulso.*
10. Definición do pulso.*
11. División simple e composta do pulso.*
12. Uso e definición do metrónomo.
13. Como se indica o pulso na música.
14. ritmo: definición e tipos (libre, rítmico e métrico).
15. Alteracións do ritmo: pulso, acento, ritmo e subdivisión; interiorización a partir da práctica.
16. compás: práctica vocal, instrumental e /ou de movemento sobre compases simples de ritmo binario e ternario.
17. tempo: signos e expresións que modifican a velocidade.
18. Recoñecemento na práctica musical, así como ante a audición, dos elementos rítmico melódicos coñecidos, e a súa representación na linguaxe musical.

19. Manifestacións rítmicas da música.
20. As dúas concepcións do ritmo na música: a métrica e a rítmica.
21. A métrica como concepción do ritmo aplicado a acentuación da música.
22. A rítmica como concepción do ritmo aplicado a duración dos sons musicais.
23. Relación entre o ritmo e a danza.*
24. Relación entre o acento musical e o lingüístico.
25. Definición de compás.*
26. División do compás en tempos e de estes en partes.*
27. Definición de anacrusa e identificación de ritmos anacrúsicos.*
28. Diferencia entre tempo e pulso.*
29. Definición de compás simple.*
30. Definición de compás composto.*
31. Representación tradicional dos compases simples e compostos.
32. Representación xestual dos compases.*
33. Definición de síncopa.*
34. Definición de contratempo.*
35. Interpretación de pezas musicais onde aparezan síncopas e contratempos.
36. Diferencia entre polirrítmia e ritmo composto.

Criterios de avaliación

a) Recoñecer os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, empregando unha linguaxe técnica apropiada ó referirse a eles.
b) Distinguir os elementos que se empregan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan á intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.)
c) Recoñecer e aplicar os elementos rítmicos básicos a través da lectura, a interpretación e a audición de pequenas obras, ou ben de fragmentos musicais.
d) Apreciar e distinguir os esquemas rítmico-melódicos, así como os elementos harmónicos básicos empregados na creación musical.
e) Intervir nas actividades de interpretación musical (vocal, instrumental ou de movemento) adaptando a súa expresión ó conxunto e respectando as normas básicas de actuación.

**Unidade ou Tema 3. Intervalos, escalas e tonalidades.**

Contidos

1. Ton e semitón. Intervalos: definición e clasificación.
2. Liña melódica; frase. Escalas maior e menor
3. Recoñecemento na práctica musical, así como ante a audición, dos elementos rítmico melódicos coñecidos, e a súa representación na linguaxe musical.
4. As escalas e a súa relación coa tonalidade e a modalidade: construción de escalas de tipoloxía diversa.
5. A tonalidade; apreciación a traes da práctica vocal e instrumental de modos, escalas e tonalidades.
6. Recoñecemento auditivo das funcións tonais básicas, modo consonancias e disonancias, así como da existencia de cadencias, a través da audición e a execución musical, vocal e instrumental, de conxunto.
7. Definición de intervalo.*

8. Características dos intervalos: sentido e amplitude.*
9. Denominación dos intervalos segundo a súa amplitude.*
10. Os intervalos de ton e semitón.*
11. Recoñecemento e uso das alteracións.*
12. Os intervalos da escala diatónica maior e menor.*
13. Definición de escala.*
14. Definición de escala cromática.*
15. Uso e significado das escalas maiores e menores.*
16. Construción de escalas maiores e menores a partir de calquera nota.*
17. Os modos gregorianos.
18. A escala dodecafónica.
19. A escala pentatónica

<u>Criterios de avaliación</u>

a) Recoñecer os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, empregando unha linguaxe técnica apropiada ó referirse a eles.
b) Distinguir os elementos que se empregan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan á intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.)
c) Recoñecer e aplicar os elementos rítmicos básicos a través da lectura, a interpretación e a audición de pequenas obras, ou ben de fragmentos musicais.
d) Apreciar e distinguir os esquemas rítmico-melódicos, así como os elementos harmónicos básicos empregados na creación musical.
e) Improvisar e interpretar estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.
f) Intervir nas actividades de interpretación musical (vocal, instrumental ou de movemento) adaptando a súa expresión ó conxunto e respectando as normas básicas de actuación.

**Unidades ou Tema 4. A combinación simultánea de sons.**

<u>Contidos</u>

1. Consonancia e disonancia.*
2. O acorde: Construción de acordes elementais.
3. A tonalidade: apreciación a través da práctica vocal e instrumental de modos, escalas e tonalidades.
4. Recoñecemento auditivo das funcións tonais básicas, modo consonancias e disonancias, así como da existencia de cadencias, a través da audición e a execución musical, vocal e instrumental, de conxunto.
5. O contrapunto.
6. O acorde triada.*
7. O acorde de sétima e novena, variantes do acorde triada.*
8. Outras formas acórdicas: os agregados.
9. A hhharmonía.*
10. A tonalidade.*
11. Diferentes procedementos contrapuntísticos.
12. Articulación harmónica das melodías en pregunta e resposta.*

<u>Criterios de avaliación</u>

a) Recoñecer os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, empregando unha linguaxe técnica apropiada ó referirse a eles.
b) Distinguir os elementos que se empregan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan á intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.)
c) recoñecer e aplicar os elementos rítmicos básicos a través da lectura, a interpretación e a audición de pequenas obras, ou ben de fragmentos musicais.
d) Apreciar e distinguir os esquemas rítmico-melódicos, así como os elementos harmónicos básicos empregados na creación musical.
e) Improvisar e interpretar estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.
f) Analizar e comprender os conceptos de monodia e polifonía e recoñecer, a través da audición, estes tipos de textura e as formas máis sinxelas de construción musical.
g) Intervir nas actividades de interpretación musical (vocal, instrumental ou de movemento) adaptando a súa expresión ó conxunto e respectando as normas básicas de actuación.

**Unidade ou Tema 5. A voz e as agrupacións vocais.**

Contidos

1. A voz na música: posibilidades de comunicación e expresión.
2. Calidades e tipos vocais. Coñecemento e análise das formas básicas do repertorio vocal, apoiado pola audición e o seguimento de partituras e/ou outras representacións gráficas.*
3. Agrupacións corais: tipos e repertorio.
4. Interpretación de cancións a capela ou con acompañamento de instrumental escolar e/ou polifónico, apoiado pola audición e o seguimento de partituras e /ou outras repres4ntacións gráficas.
5. A canción popular, con especial atención á galega de ritmo métrico e libre sobre escalas diversas.*
6. Improvisación e composición vocal.
7. O teatro lírico.*

Criterios de avaliación

a) Recoñecer os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, empregando unha linguaxe técnica apropiada ó referirse a eles.
b) Diferenciar as sonoridades e a forma dos instrumentos orquestrais, así como os pertencentes á tradición musical de Galicia, e as tesituras de voz máis comúns.
c) Distinguir os elementos que se empregan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan á intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.)
d) recoñecer e aplicar os elementos rítmicos básicos a través da lectura, a interpretación e a audición de pequenas obras, ou ben de fragmentos musicais.
e) Apreciar e distinguir os esquemas rítmico-melódicos, así como os elementos harmónicos básicos empregados na creación musical.

f) Improvisar e interpretar estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.
g) Relacionar basicamente a musica con algunhas das outras manifestacións artísticas.
h) Intervir nas actividades de interpretación musical (vocal, instrumental ou de movemento) adaptando a súa expresión ó conxunto e respectando as normas básicas de actuación.

**Unidade ou Tema 6. Os instrumentos e a orquestra sinfónica.**

Contidos

1. Os instrumentos como medio de expresión musical: clasificación dos instrumentos orquestrais segundo a técnica de produción do son. Tipoloxía, familia, grupo e subgrupo.*
2. Recoñecemento visual e auditivo dos instrumentos musicais orquestrais, así como dos instrumentos propios da música popular galega: posibilidades técnicas e de execución.*
3. Agrupacións instrumentais populares de Galicia, e máis representativas do Estado Español. Formacións máis características da música étnica.
4. Interpretación individual ou grupal, empregando o instrumental escolar, con vistas a acompañar o canto, o movemento ou a outros instrumentos, así como cara a adquisición do repertorio de obras de orixe variada.
5. Improvisación e composición instrumental.
6. Clasificación dos instrumentos da orquestra sinfónica.*

Criterios de avaliación

a) Recoñecer os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, empregando unha linguaxe técnica apropiada ó referirse a eles.
b) Diferenciar as sonoridades e a forma dos instrumentos orquestrais, así como os pertencentes á tradición musical de Galicia, e as tesituras de voz máis comúns.
c) Distinguir os elementos que se empregan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan á intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.)
d) Recoñecer e aplicar os elementos rítmicos básicos a través da lectura, a interpretación e a audición de pequenas obras, ou ben de fragmentos musicais.
e) Apreciar e distinguir os esquemas rítmico-melódicos, así como os elementos harmónicos básicos empregados na creación musical.
f) Improvisar e interpretar estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.
g) Relacionar basicamente a musica con algunhas das outras manifestacións artísticas.
h) Intervir nas actividades de interpretación musical (vocal, instrumental ou de movemento) adaptando a súa expresión ó conxunto e respectando as normas básicas de actuación.

**Unidade ou Tema 7. A evolución da orquestra e outros conxuntos instrumentais.**

Contidos

1. Os instrumentos como medio de expresión musical: clasificación dos instrumentos orquestrais segundo a técnica de produción do son. Tipoloxía, familia, grupo e subgrupo.*
2. Recoñecemento visual e auditivo dos instrumentos musicais orquestrais, así como dos instrumentos propios da música popular galega: posibilidades técnicas e de execución.*
3. Interpretación individual ou grupal, empregando o instrumental escolar, con vistas a acompañar o canto, o movemento ou a outros instrumentos, así como cara a adquisición do repertorio de obras de orixe variada.
4. Improvisación e composición instrumental.
5. Diferentes tipoloxías orquestrais: orquestra de cámara barroca e clásica, orquestra sinfónica clásica, orquestra sinfónica. A orquestra no século XX.*
6. Agrupacións de cámara de música culta.*
7. A banda de música.*

Criterios de avaliación

a) Recoñecer os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, empregando unha linguaxe técnica apropiada ó referirse a eles.
b) Diferenciar as sonoridades e a forma dos instrumentos orquestrais, así como os pertencentes á tradición musical de Galicia, e as tesituras de voz máis comúns.
c) Distinguir os elementos que se empregan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan á intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.)
d) Recoñecer e aplicar os elementos rítmicos básicos a través da lectura, a interpretación e a audición de pequenas obras, ou ben de fragmentos musicais.
e) Apreciar e distinguir os esquemas rítmico-melódicos, así como os elementos harmónicos básicos empregados na creación musical.
f) Improvisar e interpretar estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.
g) Relacionar basicamente a musica con algunhas das outras manifestacións artísticas.
h) Intervir nas actividades de interpretación musical (vocal, instrumental ou de movemento) adaptando a súa expresión ó conxunto e respectando as normas básicas de actuación.

**Unidade ou Tema 8. A Música fenómeno físico e artístico.**

Contidos

1. Son, ruído e silencio. A produción, transmisión e percepción do son.
2. Realización de exercicios de apreciación e localización sonora.*
3. A memoria auditiva*
4. A música como código sonoro sen significado.*
5. A percepción dos fenómenos acústicos.
6. A selección dos fenómenos acústicos.
7. A música como manipulación consciente dos fenómenos acústicos.*
8. Definición de música.*
9. Definición de arte.*
10. Actitude correcta do oínte ante o fenómeno musical.
11. Función do silencio na música.*

12. O poder de suxestión da música.
13. A música como mensaxe abstracta.
14. Posibilidades comunicativas da música: a música como mensaxe abstracta, expresiva, descritiva e programática.*
15. Elementos da comunicación musical: compositor, intérprete, partitura e oínte.*
16. Os parámetros do son: o son como materia prima da música e o son como fenómeno físico.
17. Calidades do son.*
18. Interiorización dos diferentes parámetros do son a partir de xogos e exercicios axeitados.
19. Realización de exercicios de apreciación e localización sonora.
20. Produción dos fenómenos acústicos.
21. Parámetros do son: altura, intensidade, timbre e duración.*
22. Son e ruído dende un punto de vista científico e subxectivo.*
23. Representación na partitura de cada un dos parámetros do son.
24. A onda sonora.*
25. Definición de tesitura.*
26. Definición de oído absoluto.
27. Definición de ritmo*
28. Definición de melodía*
29. Definición de textura*
30. Definición de forma*
31. Definición de matices
32. Definición de hhharmonía*
33. Definición de tempo*
34. Definición de elementos de la música.
35. Definición de tema musical.

Criterios de avaliación:

a) Identificar e analizar os compoñentes básicos dunha obra musical, empregando a linguaxe musical coñecida a través do traballo da aula.
b) Saber aplicar unha linguaxe técnico musical básica para realizar a análise de audicións e/ou partituras.
c) Saber interpretar obras musicais (cos instrumentos da aula) e cancións de dificultade adecuada aos seus coñecementos e capacidades.
d) Intervir nas actividades de interpretación musical (vocal, instrumental ou de movemento) adaptando a súa expresión ó conxunto e respectando as normas básicas de actuación.
e) Recoñecer os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, empregando unha linguaxe técnica apropiada ó referirse a eles.
f) Distinguir os elementos que se empregan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan á intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.)
g) Relacionar basicamente a musica con algunhas das outras manifestacións artísticas.

**Unidade ou Tema 9. A organización do discurso musical.**

Contidos

1. Recoñecemento dos elementos formais máis elementais ante a audición e execución musical, ben sexa vocal, instrumental ou de movemento.

2. A forma: células, motivos e frases. Recoñecemento e diferenciación ante a execución e a audición.
3. Formas básicas: canon, lied, etc.
4. Introdución ás formas complexas: rondó, sonata, variación, etc.
5. Linguaxe e música: a frase musical.*
6. Articulación das frases musicais.*
7. Asociación das frases musicais: o período de tipo clásico.*
8. Principios de organización do discurso musical: repetición, xustaposición, imitación, variación, desenvolvemento e libre.*
9. A textura. A horizontalidade e a verticalidade. Monodia; homofonía e melodía acompañada; polifonía e contrapunto.
10. Definición de textura.*
11. As diferentes tipoloxías de textura: monódica, polifónica, homofónica, xerárquica e heterofónica.*
12. A textura na música popular e no folclore.
13. Relación da textura da música culta e a sociedade de cada un dos diferentes períodos musicais.*

Criterios de avaliación

a) Recoñecer os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, empregando unha linguaxe técnica apropiada ó referirse a eles.
b) Diferenciar as sonoridades e a forma dos instrumentos orquestrais, así como os pertencentes á tradición musical de Galicia, e as tesituras de voz máis comúns.
c) Distinguir os elementos que se empregan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan á intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.)
d) Recoñecer e aplicar os elementos rítmicos básicos a través da lectura, a interpretación e a audición de pequenas obras, ou ben de fragmentos musicais.
e) Apreciar e distinguir os esquemas rítmico-melódicos, así como os elementos harmónicos básicos empregados na creación musical.
f) Improvisar e interpretar estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.
g) Relacionar basicamente a musica con algunhas das outras manifestacións artísticas.
h) Intervir nas actividades de interpretación musical (vocal, instrumental ou de movemento) adaptando a súa expresión ó conxunto e respectando as normas básicas de actuación.
i) Analizar e comprender os conceptos de monodia e polifonía e recoñecer, a través da audición, estes tipos de textura e as formas máis sinxelas de construción musical.

**2.4.3 Contidos mínimos, estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

Os contidos mínimos de cada tema están sinalados no apartado precedente cun asterisco e refírense aos seguintes estándares de aprendizaxe.

| Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles | |
|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| B1.1. Recoñecer os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada e aplicándoos a través da lectura ou a audición e a interpretación de pequenas obras ou fragmentos musicais. | MUB1.1.1. Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada.<br>MUB1.1.2. Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais. |
| B1.2. Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.). | MUB1.2.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.). |
| B1.4. Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e as habilidades técnicas como medio para as actividades de interpretación, aceptando e cumprindo as normas que rexen a interpretación en grupo e achegando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común. | MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.<br>MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público. |
| B1.6. Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, asumindo diferentes papeis, intentando concertar a súa acción coa do resto do conxunto, achegando ideas musicais e contribuíndo ao perfeccionamento da tarefa en común. | MUB1.6.3. Amosa apertura e respecto cara ás propostas do profesorado e dos compañeiros e as compañeiras.<br>MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.<br>MUB1.6.5. Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa. |
| B2.1. Identificar e describir os instrumentos e as voces, e as súas agrupacións. | MUB2.1.1. Diferenza as sonoridades dos instrumentos da orquestra, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces. |
| B2.3. Valorar o silencio como condición previa para participar nas audicións. | MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición. |
| B3.2. Demostrar interese polas músicas de distintas características, épocas e culturas, e por ampliar e diversificar as propias preferencias musicais, adoptando unha actitude aberta e respectuosa. | MUB3.2.1. Amosa interese por coñecer os xéneros musicais e as súas funcións expresivas, gozando deles como oínte con capacidade selectiva. |
| B4.1. Utilizar recursos tecnolóxicos dispoñibles para gravar e reproducir música. | MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízaas como ferramentas para a actividade musical.<br>MUB4.1.2. Participa na produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías. |

**2.4.4 Temporalización.**

O currículo actual de 2º E.S.O. contempla para a materia de música dous horas lectivas á semana. Polo tanto ó mes contén un promedio de oito sesións, e un curso de nove meses 72 sesións. Tendo en conta isto cada un dos temas do noso proxecto precisa das seguintes sesións:

- Tema 1: 8 sesións.
- Tema 2: 8 sesións.
- Tema 3: 8 sesións.
- Tema 4: 8 sesións.
- Tema 5: 8 sesións.
- Tema 6: 8 sesións.
- Tema 7: 8 sesións.
- Tema 8: 8 sesións.
- Tema 9: 8 sesións.

## 2.5. Relación dos elementos curriculares.

## 2.5.1 Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliables da materia que forman parte dos perfís competenciais.

| Música 2º ESO. Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|
| Bloque 1. Interpretación e creación | | | |
| B1.1. Parámetros do son. Elementos básicos da linguaxe musical<br>B1.2. Características da voz e da palabra como medios de expresión musical. Habilidades técnicas e interpretativas, exploración e descuberta das posibilidades da voz como medio de expresión musical.<br>B1.3. Instrumentos e corpo | B1.1. Recoñecer os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada e aplicándoos a través da lectura ou a audición e a interpretación de pequenas obras ou fragmentos musicais. | MUB1.1.1. Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada. | CCEC<br>CCL |
| | | MUB1.1.2. Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais. | CMCCT<br>CCEC |

| Música 2º ESO. Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|
| como medios de expresión musical: características xenéricas e formais.<br>B1.4. Agrupacións vocais e instrumentais na música de diferentes xéneros, estilos e culturas. Interpretación individual e en grupo.<br>B1.5. Práctica da relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.<br>B1.6. Fomento da sensibilidade estética, desenvolvida a través da comprensión e a interiorización da música. | | MUB1.1.3. Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias. | CMCCT<br>CCEC |
| B1.7. Grafías e outras formas de notación musical, convencionais e propias, empregadas como expresión musical. | B1.2. Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.). | MUB1.2.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.). | CCEC |
| B1.8. Exploración das posibilidades de diversas fontes sonoras e práctica de habilidades técnicas para a interpretación.<br>B1.9. Experimentación e práctica das técnicas do movemento e da danza, expresión dos contidos musicais a través do corpo e do movemento, e a interpretación dun repertorio variado de danzas. | B1.3. Improvisar e interpretar estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns. | MUB1.3.1. Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns. | CAA<br>CCEC |
| | | MUB1.3.2. Utiliza os elementos e os recursos adquiridos para elaborar arranxos e crear cancións, pezas instrumentais e coreografías. | CAA<br>CCEC |
| B1.10. Práctica das pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e aos/ás demais intérpretes, audición | B1.4. Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e as habilidades técnicas como medio para as actividades | MUB1.4.1. Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos. | CAA<br>CCEC |

| Música 2º ESO. Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|
| interior, memoria e adecuación ao conxunto.<br>B1.11. Aceptación e cumprimento das normas que rexen a interpretación en grupo e a achega das ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.<br>B1.12. Aceptación e predisposición para mellorar as capacidades técnicas e interpretativas propias, e respecto ante outras formas de expresión. | de interpretación, aceptando e cumprindo as normas que rexen a interpretación en grupo e achegando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común. | MUB1.4.2. Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz. | CCEC |
| | | MUB1.4.3. Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación. | CCEC |
| | | MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel. | CCEC |
| | | MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público. | CAA<br>CCEC |
| B1.13. Improvisación, elaboración de arranxos e composición como recursos paraa creación musical en todas as súas vertentes; elaboración de arranxos de cancións e pezas instrumentais, con acompañamentos sinxelos e selección de distintos tipos de organización musical.<br>B1.14. Composición individual ou en grupo de cancións e pezas instrumentais para distintas agrupacións, a partir da combinación de elementos e recursos presentados no contexto das actividades que se realizan na aula. | B1.5. Amosar interese polas actividades de composición e improvisación, e respecto polas creacións dos seus compañeiros e das súas compañeiras | MUB1.5.1. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas. | CAA<br>CCEC |
| | | MUB1.5.2. Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades, e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras. | CSIEE |

| Música 2º ESO. Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|
| B1.15. Práctica de pezas musicais aprendidas a través da memorización e da lectura de partituras.<br>B1.16. Sonorización de representacións dramáticas, actividades de expresión corporal, e danza e imaxes fixas e en movemento na realización de producións audiovisuais. | B1.6. Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, asumindo diferentes papeis, intentando concertar a súa acción coa do resto do conxunto, achegando ideas musicais e contribuíndo ao perfeccionamento da tarefa en común. | MUB1.6.1. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel. | CCEC |
| | | MUB1.6.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego. | CCEC |
| | | MUB1.6.3. Amosa apertura e respecto cara ás propostas do profesorado e dos compañeiros e as compañeiras. | CSC |
| | | MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo. | CSC |
| | | MUB1.6.5. Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa. | CSIEE |
| Bloque 2. Escoita | | | |

| Música 2º ESO. Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|
| B2.1. Utilización dos recursos necesarios para a comprensión da música escoitada.<br>B2.2. Identificación dos elementos da música e das súas características na audición e na análise de obras musicais.<br>B2.3. Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de voces e instrumentos, e das agrupacións vocais e instrumentais. | B2.1. Identificar e describir os instrumentos e as voces, e as súas agrupacións. | MUB2.1.1. Diferencia as sonoridades dos instrumentos da orquestra, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces. | CCEC |
| | | MUB2.1.2. Diferencia as sonoridades dos instrumentos máis característicos da música popular moderna, do folclore e doutras agrupacións musicais. | CCEC |
| B2.4. Elementos que interveñen na construción dunha obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, forma, tempo, dinámica, etc. | B2.2. Seguir distintos tipos de partituras no contexto das actividades musicais da aula como apoio ás tarefas de audición. | MUB2.2.1. Sigue partituras como apoio á audición. | CCEC |
| B2.5. Interese por desenvolver hábitos positivos e de respecto ás demais persoas durante a escoita. | B2.3. Valorar o silencio como condición previa para participar nas audicións. | MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición. | CSC |
| B2.6. Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, incluíndo as interpretacións e composicións realizadas na aula. Investigación de músicas de distintas características para ampliar as propias preferencias musicais. | B2.4. Identificar e describir, mediante o uso de distintas linguaxes (gráfica, corporal ou verbal), elementos e formas de organización e estruturación musical (ritmo, melodía, textura, timbre, repetición, imitación, variación) dunha obra musical interpretada en vivo ou gravada. | MUB2.4.1. Describe os elementos das obras musicais propostas. | CCL<br>CCEC |
| | | MUB2.4.2. Utiliza de xeito guiado recursos como apoio á análise musical. | CCEC |
| | | MUB2.4.3. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita, con rigor e claridade. | CCL |
| B2.7. Sensibilización e actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música e a contaminación sonora. | B2.5. Identificar situacións do ámbito cotián nas que se produce un uso indiscriminado do son, analizar as súas causas e propor solucións. | MUB2.5.1. Toma conciencia da contribución da música á calidade da experiencia humana, amosando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música. | CSC |

| Música 2º ESO. Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|
| | | MUB2.5.2. Elabora traballos de indagación sobre a contaminación acústica. | CSIEE<br>CD |
| Bloque 3. Contextos musicais e culturais | | | |
| B3.1. A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria.<br>B3.2. Análise da música empregada en diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais. | B3.1. Realizar exercicios que reflictan a relación da música con outras disciplinas. | MUB3.1.1. Recoñece, crea e interpreta distintas manifestacións da danza. | CCEC |
| | | MUB3.1.2. Distingue as diversas funcións que cumpre a música na nosa sociedade. | CCEC |
| B3.3. Pluralidade de estilos na música actual: características culturais, artísticas e formais. | B3.2. Demostrar interese polas músicas de distintas características, épocas e culturas, e por ampliar e diversificar as propias preferencias musicais, adoptando unha actitude aberta e respectuosa. | MUB3.2.1. Amosa interese por coñecer os xéneros musicais e as súas funcións expresivas, gozando deles como oínte con capacidade selectiva. | CCEC |
| B3.4. Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas.<br>B3.5. Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre instrumentos, compositores/as, concertos e producións musicais en vivo e gravadas, tanto do patrimonio galego como da música occidental en xeral e doutras culturas. | B3.3. Apreciar a importancia do patrimonio cultural musical español e galego, e comprender o valor de conservalo e transmitilo. | MUB3.3.1. Valora e respecta a importancia do patrimonio musical español e galego | CCEC |
| | | MUB3.3.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego. | CCEC |
| | | MUB3.3.3. Coñece e describe os instrumentos tradicionais españois e galegos. | CCEC |
| | | MUB3.3.4. Contribúe á conservación, a recuperación e a transmisión do patrimonio musical galego, colaborando na recollida, na gravación e na transcrición de pezas. | CCEC<br>CSIEE |

| Música 2º ESO. Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|
| B3.6. Recollida de información, valoración e exposición do feito musical e as súas opinións. | B3.4. Valorar a asimilación e o emprego dalgúns conceptos musicais básicos necesarios á hora de emitir xuízos de valor ou "falar de música". | MUB3.4.1. Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais | CCL |
| | | MUB3.4.2. Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade. | CCL |
| B3.7. Música actual: novas tendencias; concertos en directo. | B3.5. Amosar interese e actitude crítica pola música actual, os musicais, os concertos en vivo e as novas propostas musicais, valorando os seus elementos creativos e innovadores. | MUB3.5.1. Utiliza diversas fontes de información de xeito guiado para indagar sobre novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións. | CD |
| | | MUB3.5.2. Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias. | CAA |
| Bloque 4. Música e tecnoloxías | | | |
| B4.1. Utilización de dispositivos electrónicos, recursos da internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo, a | B4.1. Utilizar recursos tecnolóxicos dispoñibles para gravar e reproducir música. | MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízaas como ferramentas para a actividade musical. | CD |

| Música 2º ESO. Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|
| escoita, a interpretación e a creación musical.<br>B4.2. Aplicación de técnicas de gravación analóxica e dixital, para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.<br>B4.3. Utilización das tecnoloxías da información nos procesos de creación musical.<br>B4.4. Coñecemento e emprego das tecnoloxías da información na interpretación e gravación de pezas musicais.<br>B4.5. Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas. | | MUB4.1.2. Participa na produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías. | CD<br>CSIEE |
| B4.6. O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento da música e a satisfacción con ela. | B4.2. Utilizar de xeito funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e a indagación do feito musical. | MUB4.2.1. Utiliza de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical. | CD |

## 2.5.2 Relación de estándares de aprendizaxe na temporalización, a contribución ao desenvolvemento das competencias clave, o grado mínimo para superar a materia e os Instrumentos de Avaliación.

| TRIM. | ESTANDAR DE APRENDIZAXE | COMPET. CLAVE | Grao Minimo Cons. | Escrita | Interpret. Indiv. | Interpret. Grupo | Rúbrica Proxecto | Rúbrica Informe | Obs. Aula |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Bloque 1. Interpretación e creación | | | | | | | | |
| 1,2,3 | MUB1.1.1. Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada. | CCEC<br>CCL | 50 | 80 | | | | | 20 |
| 1,2,3 | MUB1.1.2. Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais. | CMCCT<br>CCEC | 50 | 80 | | | | | 20 |
| 1,2,3 | B1.1.3. Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias. | CMCCT<br>CCEC | 50 | 80 | | | | | 20 |

| TRIM. | ESTANDAR DE APRENDIZAXE | COMPET. CLAVE | Grao Minimo Cons. | Escrita | Interpret. Indiv. | Interpret. Grupo | Rúbrica Proxecto | Rúbrica Informe | Obs. Aula |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1,2,3 | MUB1.2.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.). | CCEC | 50 | 80 | | | | | 20 |
| 1,2,3 | MUB1.3.1. Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobremodos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns. | CAA CCEC | 50 | | 60 | 40 | | | |
| 1,2,3 | MUB1.3.2. Utiliza os elementos e os recursos adquiridos para elaborar arranxos e crear cancións, pezas instrumentais e coreografías. | CAA CCEC | 50 | | | | | | 100 |
| 1,2,3 | MUB1.4.1. Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos. | CAA CCEC | 50 | | 50 | 50 | | | |
| 1,2,3 | MUB1.4.2. Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz. | CCEC | 50 | | | | | | |
| 1,2,3 | MUB1.4.3. Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación. | CCEC | 50 | | 50 | 50 | | | |
| 1,2,3 | MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel. | CCEC | 50 | | 50 | 50 | | | |
| 1,2,3 | MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público. | CCEC CAA | 50 | | 50 | 50 | | | |
| 1,2,3 | MUB1.5.1. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas. | CAA CCEC | 50 | | 50 | 50 | | | |
| 1,2,3 | MUB1.5.2. Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras. | CSIEE | 50 | | | | | | 100 |
| 1,2,3 | MUB1.6.1. Practica, crea, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos, épocas históricas e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel. | CCEC CSIEE | 50 | | 50 | | | | 50 |
| 1,2,3 | MUB1.6.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego. | CCEC | 50 | | 33 | 33 | | | 33 |
| 1,2,3 | MUB1.6.3. Amosa apertura e respecto cara ás propostas do profesor/a e dos compañeiros/as. | CSC | 50 | | | | | | 100 |

| TRIM. | ESTANDAR DE APRENDIZAXE | COMPET. CLAVE | Grao Minimo Cons. | Escrita | Interpret. Indiv. | Interpret. Grupo | Rúbrica Proxecto | Rúbrica Informe | Obs. Aula |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1,2,3 | MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo. | CSC CSIEE | 50 | | 50 | 50 | | | |
| 1,2,3 | MUB1.6.5. Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa. | CSIEE CAA | 50 | | | 100 | | | |
| | Bloque 2. Escoita | | | | | | | | |
| 1,2,3 | MUB2.1.1. Diferencia as sonoridades dos instrumentos da orquestra, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces. | CCEC | 50 | | | | 50 | | 50 |
| 1,2,3 | MUB2.1.2. Diferencia as sonoridades dos instrumentos máis característicos da música popular moderna, do folclore e doutras agrupacións musicais. | CCEC | 50 | | | | 50 | | 50 |
| 1,2,3 | MUB2.2.1. Sigue partituras como apoio á audición. | CCEC | 50 | | | | 50 | | 50 |
| 1,2,3 | MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición. | CSC | 50 | | | | | | 100 |
| 1,2,3 | MUB2.4.1. Describe os elementos das obras musicais propostas. | CCL CCEC | 50 | | | | 50 | | 50 |
| 1,2,3 | MUB2.4.2. Utiliza de xeito guiado recursos como apoio á análise musical. | CCEC | 50 | | | | 50 | 50 | |
| 1,2,3 | MUB2.4.3. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita, con rigor e claridade. | CCL | 50 | 50 | | | | | 50 |
| 1,2,3 | MUB2.5.1. Toma conciencia da contribución da música á calidade da experiencia humana, amosando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música. | CSC | 50 | | | | | | 100 |
| 1,2,3 | MUB2.5.2. Elabora traballos de indagación sobre a contaminación acústica. | CSIEE CD | 50 | | | | | | 100 |
| | Bloque 3. Contextos musicais e culturais | | | | | | | | |
| 1,2,3 | MUB3.1.1. Recoñece, crea e interpreta distintas manifestacións da danza. | CCEC | 50 | | | | | | 100 |
| 1,2,3 | MUB3.1.2. Distingue as diversas funcións que cumpre a música na nosa sociedade. | CCEC | 50 | | | | | | 100 |

| TRIM. | ESTANDAR DE APRENDIZAXE | COMPET. CLAVE | Grao Minimo Cons. | Escrita | Interpret. Indiv. | Interpret. Grupo | Rúbrica Proxecto | Rúbrica Informe | Obs. Aula |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1,2,3 | MUB3.2.1. Amosa interese por coñecer os xéneros musicais e as súas funcións expresivas, gozando deles como oínte con capacidade selectiva. | CCEC | 50 | | | | | | 100 |
| 1,2,3 | MUB3.3.1. Valora e respecta a importancia do patrimonio musical español e galego | CCEC | 50 | | | | | | 100 |
| 1,2,3 | MUB3.3.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego. | CCEC | 50 | | 50 | 50 | | | |
| 1,2,3 | MUB3.3.3. Coñece e describe os instrumentos tradicionais españois e galegos. | CCEC | 50 | | | | | | 100 |
| 1,2,3 | MUB3.3.4. Contribúe á conservación, a recuperación e a transmisión do patrimonio musical galego, colaborando na recollida, na gravación e na transcrición de pezas. | CCEC CSIEE | 50 | | | | | | 100 |
| 1,2,3 | MUB3.4.1. Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais | CCL | 50 | 50 | | | | | 50 |
| 1,2,3 | MUB3.4.2. Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade. | CCL | 50 | | | | | | 100 |
| 1,2,3 | MUB3.5.1. Utiliza diversas fontes de información de xeito guiado para indagar sobre novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións. | CD | 50 | | | | | | 100 |
| 1,2,3 | MUB3.5.2. Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias. | CAA | 50 | | | | | | 100 |
| | Bloque 4.Música e tecnoloxías | | | | | | | | |
| 1,2,3 | MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízaas como ferramentas para a actividade musical. | CD CCEC | 100 | | 40 | 50 | | | 10 |
| 1,2,3 | MUB4.1.2. Participa en todos os aspectos da produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías. | CSC CSIEE | 100 | | 40 | 50 | | | 10 |
| 1,2,3 | MUB4.2.1. Utiliza con autonomía as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical. | CD CAA | 50 | | 60 | | | | 40 |

## 2.6. Metodoloxía didáctica.

### 2.6.1 Principio metodolóxicos.

A educación no ámbito musical do ensino secundario obrigatorio "quere ser unha canle que permita por en funcionamento a iniciativa, a sensibilidade e a creatividade do alumnado, estimular a creación dunha conciencia artística propia , ao mesmo tempo que desenvolver actitudes de valoración da liberdade de expresión, ao achegarse ás expresións musicais doutros pobos, o que contribúe ao fomento da sensibilidade e á ampliación do propio horizonte estético. A vía de consecución destes obxectivos é a través da audición, da interpretación e da creación propia e allea". A estes cabe engadir un: a lectura comprensiva, que ten como finalidade interiorizar conceptos e proporcionar un vocabulario axeitado.

Deste modo en cada tema da secuenciación propóñense actividades de tres tipos: audicións, interpretación musical, creación musical, actividades de investigación ou traballo de campo, e de comprensión lectora.

- Escoita. Mediante a escoita comprensiva oriéntase ao alumno cara á identificación dos elementos integrantes do decurso musical e a súa función dentro deste. A audición debe ser o punto de partida sobre o que se inicia a análise e a reflexión dos fenómenos musicais, con vistas a favorecer o desenvolvemento da capacidade de abstracción e reflexión.
- As audicións contidas nas diferentes actividades de cada un dos temas pretenden, en cada caso, dúas finalidades diversas: nunhas exemplificar o contido no texto e noutras extraer unha serie de características para situalas no seu espazo e tempo.
- Actividades de investigación. Están deseñadas para que o alumnado complete ou amplíe contidos relacionados con cada un dos Temas.
- Actividades de comprensión lectora. Ó final de cada tema atopamos unha serie de preguntas que se deben responder ao ler comprensivamente ó texto. Esta actividade destínase ós contidos conceptuais, e pode servir moi ben para plantexar as cuestións dun exame teórico. Nós recomendamos que o alumno responda a estas preguntas antes de que o profesor realice a explicación do tema; desta forma o alumno obrigase a lelo previamente. A adquisición de conceptos e vocabulario depende fundamentalmente da lectura comprensiva. É imprescindible provocar nos alumnos o interese pola lectura como ferramenta imprescindible para a adquisición de coñecementos de todo tipo. É tamén importante valorar a necesidade de memorización de certos conceptos básicos para poder comprender á relación entre ideas e conceptos máis complexos. O noso proxecto preocúpase bastante por acadar que este procedemento se converta nun ha ferramenta habitual dos alumnos.
- Interpretación instrumental ou vocal. Mediante o desenvolvemento destas capacidades trátase de facilitar a consecución dun dominio básico de técnicas vinculadas ao canto, a interpretación instrumental individual e de grupo, e as que conducen ao movemento e a danza. As pezas que se interpretan e crean ao longo do curso presentan dúas finalidades: por unha banda perfeccionar as destrezas interpretativas adquiridas nos cursos precedentes e pola outra afianzar os contidos de cada tema. As expresións instrumental, vocal e corporal, que colaboran no desenvolvemento das capacidades motrices de equilibrio e coordinación. Estas deben empregarse apropiadamente dentro dos diferentes niveis da etapa, tendo en conta as características do alumnado. Non se trata de formar cantantes, instrumentistas ou bailaríns, senón que se pretende, a través dos procedementos citados, alcanzar unha

mellor comprensión do feito musical ampliando a capacidade receptiva e potenciando a creación da futura audiencia, con capacidade crítica que necesita a actual sociedade.

- A creación. O desenvolvemento da creatividade baséase na improvisación, dende o máis simple esquema de pregunta resposta, (rítmica ou rítmico melódica), ata procesos compositivos máis complexos, empregando a expresión vocal, instrumental ou de movemento.

A interdisciplinariedade da música implica establecer relacións entre estas e outras áreas. A través deste procedemento o alumno poderá adquirir unha formación que lle permitirá valorar positivamente e criticamente as diferentes manifestacións musicais que lle ofrece a nosa sociedade.

A audición, o canto, a danza, o comentario de partituras, de textos e de críticas periodísticas; a investigación de campo, a elaboración de interpretación de mapas conceptuais, a utilización dos medios audiovisuais e novas tecnoloxías son, en xeral, esencias para a actividades diaria da aula de música.

Estes procedementos deberán ser apoiados con todo tipo de actividades complementarias e extraescolares, tales como asistencia a concertos e representacións de teatro musical, realización de audicións e concertos no centro e fóra del, etc.

### 2.6.2 Materiais y recursos didácticos.

Para o desenvolvemento da materia de música precisaranse os seguintes recursos e materiais:

- Texto para 2º da ESO de elaboración propia.
- Partituras axeitadas a distintos niveis.
- Papel pautado.
- Encerado pautado.
- Encerado.
- Teclado electrónico.
- Instrumental Orff.
- Reprodutor de CD
- Reprodutor de DVD
- Reprodutor de VHS
- Televisión.
- Canón de vídeo e pantalla.
- Material audiovisual.
- Encerado dixital.
- Miniportátiles.
- Ordenador de mesa e impresora.
- Ordenador portátil.
- Conexión a internet.
- Programa ENCORE.
- Programa FINALE.

Todos estes recursos atópanse na aula de música e ademais solicitarase en diversos momentos do curso a aula de informática para desenvolver as actividades descritas no apartado correspondente as achegas ás TICs.

## 2.7. Procedementos de avaliación, cualificación e promoción.

### 2.7.1 Procedemento de avaliación inicial

A través da avaliación inicial na ESO chegaremos a coñecementos dos niveis, características e necesidades dos alumnos que nos permitirán planificar e programar

actividades docentes, adoptar medidas de atención á diversidade e concretar a metodoloxía a empregar.
É necesario que exista un intercambio de opinións e información entre os membros do equipo educativo. Se debe atender aos posibles recursos e capacidades xerais e particulares dos alumnos, analizar as súas perspectivas e intereses e os seus potenciais.
Se realizará unha avaliación inicial ao principio de curso académico e unha avaliación ao principio de cada unidade didáctica.
No que respecta a avaliación ao principio do curso académico se levará a cabo en dúas sesións lectivas mediante os seguintes procedementos:
- Posta en común co alumnado dos seus intereses, coñecementos (no caso de que toquen algún instrumento ou realizan algunha actividade musical fóra do horario lectivo), e motivacións musicais.
- Pequena proba escrita conceptual con apartado de audición e discriminación auditiva. No caso de 2º da ESO moi básica para comprobar que lembran os conceptos básicos de primaria. E no caso de 3º e 4º da ESO baseada nos mínimos esixibles do anterior curso.
- Se propoñerá ademais a lectura e debate de un texto relacionado coa área .
- Por último en se propoñerá un pequeno exercicio musical para realizar en conxunto para anticipar as súas actitudes para levar a cabo actividades musicais de xeito grupal e anticipar o traballo na aula a este respecto.
Durante a sesión da avaliación inicial co resto dos profesores do grupo se intercambiará información de cada alumno de xeito individualizado e ademais no caso de 2º da ESO se solicitará información sobre a evolución ao longo da etapa primaria na área de música. Unha vez realizada esta avaliación inicial e dadas as características da mesma se tomarán as medidas adecuadas respecto á metodoloxía a empregar, as medidas de atención á diversidade, e a planificación de actividades docentes.
Ao principio de cada unidade didáctica se avaliarán os coñecementos previos, intereses, motivacións dos alumnos ao respecto dos temas a tratar. Se levarán a cabo mediante os procedementos de debate en clase e batería de preguntas a partir de unha idea proposta polo profesor.
Esta avaliación inicial nos servirá para concretar a metodoloxía didáctica, os recursos didácticos e a secuenciación de contidos previstos para cada unidade didáctica.

### 2.7.2 Procedemento de avaliación continua e ordinaria

Para avaliar os coñecementos adquiridos polo alumnado utilizaranse os seguintes procedementos:

1. Desenvolvemento oral o escrito das cuestións plantexadas ao final de cada tema.
2. Desenvolver as actividades propostas en cada tema. Destacamos especialmente as referidas á audicións, que presentan no noso proxecto grande variedade en plantexamento e obxectivos. En este bloque incorpórase tamén as que incorporan material audiovisual.
3. Realización de traballos de investigación a cerca de temas diversos (biografías, monográficos, etc..)
4. Realización de táboas a cerca dos diferentes contidos de cada tema
5. Realización de mapas, e gráficos.
6. Interpretación vocal e instrumental das pezas contidas nos apéndices.
7. Realización de coreografías a partir dun soporte musical orixinal ou non.
8. Desenvolver unha actitude correcta ao longo das clases.

Cada unha destas ferramentas pode realizarse individualmente ou en grupo.

### 2.7.3 Valoración dos coñecementos do alumnado.

Para a valoración dos coñecementos dos alumnos utilizaranse os procedementos sinalados no epígrafe anterior agrupados en tres ámbitos: traballo persoal, coñecementos teóricos adquiridos e destreza interpretativa. Desta forma o profesor contará con tres cualificacións.

Para cualificar os **coñecementos teóricos** adquiridos realizarase unha proba escrita consistente en responder a varias cuestións plantexadas e respondidas no transcurso da explicación do tema. Esta proba cualificarase de 0 a 10. Esta proba terá lugar ao finalizar a explicación de cada tema. Cando se acade a cualificación de 4 non se precisa recuperar. A nota definitiva dos coñecementos teóricos será a media aritmética de tódolos temas abordados na avaliación sempre a cando en tódolos temas se acada unha nota igual o superior a 4. Con un tema con nota inferior a 4 a cualificación da avaliación será insuficiente. O final de cada avaliación realizarase un exame de recuperación que permita ós alumnos superar os temas que tiveran suspensos.

Cada **tarefa** solicitada entregada en tempo e forma obterá un positivo. Estes traballos poderán obter cualificación de 0 a 10 e facer media cos cuestionarios teóricos de avaliación dos temas.

A **destreza interpretativa** cualificarase de 0 a 10. Se avaliará cada peza por separado e para superar a destreza interpretativa deberá acadarse en cada peza unha cualificación igual o superior a Regular. Con unha sola peza con unha cualificación inferior non se superará este apartado.

A nota da avaliación resultará da suma dos seguintes porcentaxes:

1. 30% Probas de interpretación.
2. 10 % Desenvolvemento e entrega das tarefas solicitadas.
3. 60 % corresponde á media aritmética dos cuestionarios de exame.

No caso de non realizar probas de destreza interpretativa o porcentaxe da nota final correspondente a este ámbito se suma aos 60% correspondente aos cuestionarios de exame.

### 2.7.4 Procedemento de avaliación final

Só se convocaran á avaliación final aqueles alumnos/as con un ou máis temas suspensos. As características da proba serán por enteiro semellantes as anteriormente descritas: cuestionario a responder por escrito de cada un dos temas suspensos e audicións das pezas correspondentes a cada tema suspenso. Valorarase cada unidade por separado de 0 a 10; se fará media aritmética da cualificación por separado de cada un dos temas obxecto de avaliación e se resulta igual ou maior de 4 se ponderará coas cualificacións dos temas xa aprobados durante o curso para obter a cualificación final positiva.

### 2.7.5 Procedemento de avaliación extraordinaria

As características da proba serán por enteiro semellantes as anteriormente descritas: cuestionario a responder por escrito e audicións das pezas correspondentes a cada tema suspenso. Valorarase de 0 a 10; se resulta igual ou maior de 5 a cualificación final será positiva.

## 2.8. Recuperación e avaliación de pendentes.

Respecto aos alumnos que promocionan coa materia de música non superada se elaboraran os correspondentes programas de recuperación e específicos personalizados do seguinte xeito.

a) **Programa de recuperación:**
A realización do programa de recuperación está condicionada á disposición de horario por parte do profesorado integrante do departamento de música, pois consistirá en sesións presenciais en horario de tarde. Este programa inclúe dous procedementos: unha folla de recuperación e unha proba escrita. A folla de recuperación consiste nun cuestionario que o alumno/a terá que realizar ao longo do curso baixo a supervisión do profesorado que imparta as sesións de recuperación. As actividades contidas nesta folla de recuperación axustaranse aos contidos mínimos da materia pendente e dividirase en tres grupos, cada un deles a entregar ao longo das tres respectivas avaliacións. Para a recuperación da materia pendente o alumnado precisará obter unha cualificación global da folla de recuperación igual o superior a cinco. O alumnado que non asista aos programas

**b) Programas específicos:**
Este programa inclúe dous procedementos: unha folla de recuperación e unha proba escrita. A folla de recuperación consiste nun cuestionario que o alumno/a terá que realizar ao longo do curso baixo a supervisión do profesorado que imparta a materia de música no grupo en que estea integrado/a. As actividades contidas nesta Folla de Recuperación axustaranse aos contidos mínimos da materia pendente e dividirase en tres grupos, cada un deles a entregar ao longo das tres respectivas avaliacións. Coa realización desta folla no calendario establecido o alumnado poderá acadar ata un 60 % da cualificación; a porcentaxe restante dependerá da realización dunha proba escrita. De non realizar a folla de recuperación o cualificación dependerá totalmente do resultado da proba escrita.

## 2.9. Medidas de atención á diversidade.

Partindo das diversas actitudes de cada discente presenta en relacións coas diferentes manifestacións do fenómeno musical, obríganos a empregar estratexias metodolóxicas variadas, que favorezan e permitan un concreto ritmo de aprendizaxe en cada persoa, partindo da súa actitude e interese. Para iso, o profesorado deberá contar cos recursos materiais axeitados,así como coa posibilidade de realizar agrupamentos flexibles dentro da aula, ben sexa durante a realización de traballos grupais como durante a interpretación musical.

## 2.10. Elementos transversais.

### 2.10.1 Proxecto lector.

A contribución da materia de música ao Proxecto Lector do centro desenvolverase de a cordo cos seguintes procedementos e utilizará os recursos que se enumeran a seguir:

a) **Procedementos.**
O departamento de Música deste entro contribuirá ao desenvolvemento das destrezas lectoras do alumnado mediante dúas estratexias complementarias que denominamos xeral e específica.

Estratexia xeral.
O desenvolvemento dos contidos de cada unidade didáctica iniciarase mediante un proceso de comentario do texto consistente na lectura interiorizada e a resposta a un cuestionario acerca do contido do mesmo. Este cuestionario será o mesmo que servirá para avaliar os contidos conceptuais. Unha vez que o alumnado subliña as respostas atopadas, procederase á corrección das mesmas; esta corrección incluirá a lectura en voz alta dos fragmentos do texto correspondentes ás respostas correctas. Cando se precise deseñarase un esquema conceptual para maior claridade da estrutura e das ideas do texto.
Estratexia específica.
A aula de música disporá dunha selección de textos de diverso xénero (ensaio, novela, dramatizado) vencellado coa materia dos diferentes niveis. O tratamento destes iniciarase coa lectura en voz alta dos mesmos e a continuación desenvolverase un procedemento semellante ao descrito no parágrafo precedente.

b) **Recursos.**
Ademais dos textos das unidades didácticas correspondentes a cada curso utilizaranse dispoñible gratuitamente de xeito electrónico ou da biblioteca do centro.

### 2.10.2 Achegas ás TICs do Departamento da Música.

Como expón o Plan de Integración das TICs deseñado para este centro, todos os departamentos vense implicados e comparten neste ámbito os contidos e obxectivos expresados no mesmo. A continuación se delimitan os materiais e procedementos que permitirán desenvolver este Plan de Integración do ámbito da materia de Música.

a) **Procedementos.**

As actividades deseñadas para desenvolver as TICs deberán ser realizadas en grupo e son as seguintes:

a) Selección nos medios audiovisuais dos que dispoña o alumnado de anuncios publicitarios e gravación dos mesmos para o seu análise na aula. Esta actividade está vencellada coa Unidade didáctica Tema 3 de 3º ESO.
b) Realización dun dicionario biógráfico de compositores. Nesta actividade presenta dous partes: busca de información en internet e a posterior realización dun arquivo de texto (tipo Word) onde se organicen alfabeticamente os datos atopados. Esta actividade desenvolverase na aula de informática en tres sesións lectivas. As dúas primeiras sesións dedicaranse a atopar en internet unha imaxe e unha breve biografía de cada un dos nomes dun listado de compositores proporcionado polo profesor; a terceira sesións dedicarase a ordear alfabeticamente e dar forma nun documento word os datos atopados. Esta actividade está vencellada coa Unidade didáctica Tema 1 de 3º ESO.
c) Realización dun Power Point con imaxes para acompañar a interpretación dunha composición musical. A clase dividirase en grupos e a cada un deles asignarase unha composición. Deberan atopar imaxes relacionadas co desenvolvemento da composición de xeito que a proxección secuenciada das mesmas permita enfatizar a percepción da mesma. Realizarase en catro sesións: durante as dúas primeiras buscaranse as imaxes; na terceira prepararase o Power Point e na terceira visualizarase xunto coa audición da composición

asignada. Esta actividade está vencellada coa unidade didáctica Tema 1 de 4º da ESO.

d) Introdución á informática musical: secuenciadores e procesadores MIDI. (Só para 4º de ESO). Unha vez explicado o funcionamento dos programas ENCORE e FINALE, o alumnado copiará partituras utilizando este programa. Desenvolverase en seis sesións: na primeira o profesor.

b) **Recursos.**

As actividades b, c e d descritas no epígrafe anterior desenvolveranse na ula de Informática o que precisa coordinarse có Departamento de Tecnoloxía. A actividade a precisará dos medios audiovisuais dos que dispoña o alumnado; a última sesión da mesma terá lugar na aula de música.

### 2.11. Actividades complementarias e extraescolares.

As actividades complementarias deseñaranse de acordo cos contidos de cada un dos tres cursos da ESO nos que se imparte a materia de música. Estas actividades son obrigatorias.

### 2.12. Avaliación do proceso de ensino da práctica docente.

**INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO**

1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe
3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado
7.- Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender al alumnado con NEAE
8.- Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender al alumnado con NEAE
9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado
10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación
11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula
12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo

**INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE**

1.- Como norma xeral fanase explicacións xerais para todo o alumnado
2.- Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa
3.- Elabóranse actividades atendendo á diversidade
4.- Elabóranse probas de avaliación adaptadas para o alumnado con NEAE
5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar
6.- Combínase o traballo individual e en equipo
7.- Poténcianse estratexias de animación á lectura
8.- Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita
9.- Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe
10.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar
11.- Ofrécese ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos,etc
12.- Analízanse e coméntase co alumnado os aspectos máis significativos derivados da

corrección das probas, traballos, etc

13.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros

14.- Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación

15.- Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas

16.- As medidas de apoio, reforzo, etc están claramente vinculadas aos estándares

17.- Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,..

### 2.13. Avaliación da programación didáctica.

**INDICADORES DE LOGRO**

1.- Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo

2.- Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas/temas/proxectos

3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización previstas

4.- Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos

5.- Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar

6.- Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación

7.- Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación

8.- Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver

9.- Fixación duna estratexia metodolóxica común para todo o departamento

10.- Adecuación da secuencia de traballo na aula

11.- Adecuación dos materiais didácticos utilizados

12.- Adecuación do libro de texto

13.- Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias do mesmo

14.- Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares

15.- Adecuación das pautas xerais para a avaliación continua: probas, traballos, etc.

16.- Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación

17.- Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final

18.- Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria

19.- Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes

20.- Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes

21.- Adecuación dos exames tendo en conta o valor de cada estándar

22.- Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares

23.- Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE

24.- Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas

25.- Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de aval., estándares e instrumentos

26.- Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción

27.- Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso

28.- Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro

29.- Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia

# 3. PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE MÚSICA 4ºESO

## 3.1. Introdución e contextualización.

O ensino da música precisa potencia-la capacidade dos alumnos para escoitar, recoñecer e rete-las relacións que configuran as estruturas musicais. Polo tanto é absolutamente necesaria a participación do alumnado ó que se debe motivar con estímulos que a faciliten. Para favorecer esta participación faise necesario manter na aula un clima de silencio e de respecto.

Inseparablemente unidas a esas capacidades perceptivas atópanse as de índole expresiva que a educación musical debe promover, máxime tendo en conta a postura activa dos adolescentes cara á música. Estas capacidades perfeccionaranse mediante o cultivo de:

14. A voz, coa que se adquiren destrezas relativas á respiración, emisión e interpretación.
15. As habilidades instrumentais, que desenvolven as capacidades motrices básicas, mediante a coordinación auditiva, táctil e visual, así como de relación entre a lectura musical e a execución.

Os contidos da materia de Música no ensino secundario obrigatorio teñen "como obxecto guiar e afianzar os coñecementos musicais e a actitude ante a música que o alumnado alcanzou na educación primaria situándoos nun marco de competencias que lle posibilite gozar da creación e da escoita musical; así mesmo, ten o obxecto de establecer puntos de contacto entre a música de carácter masivo e a gran tradición musical, xa que é un medio habitual de diversión e entretemento entre os mozos e mozas; por isto cómpre afondar nesta etapa nas raíces culturais da música galega e a europea, recoñecéndoa como parte fundamental do noso patrimonio cultural, xa que, soamente a través do coñecemento profundo da nosa realidade cultural será posible desenvolver un achegamento ás culturas musicais de outros pobos".

"O alumnado que inicia esta etapa vén de coñecer na educación primaria os fundamentos musicais máis xerais, polo que na nova etapa da súa formación está en condicións de afondar neles a través dunha metodoloxía analítica e propedéutica, que incida nos aspectos vertebradores da materia na educación secundaria obrigatoria e que son:

Bloque 1. A interpretación e a creación.
Bloque 2. A escoita.
Bloque 3. Os contextos musicais e culturais.
Bloque 4. Música e tecnoloxías.

O actual regulamento aborda nun mesmo grupo os contidos, obxectivos e criterios de avaliación dos cursos segundo e terceiro, deixando ao criterios dos docentes a secuenciación deles. Este regulamento advirte ademais que "da organización dos contidos en bloques non se deriva unha priorización na súa secuencia".

Polo tanto a secuenciación que aquí se plantexa ten en conta ademais dos procedementos que a actual lexislación contempla, a realidade do entorno escolar. O IES Otero Pedrayo está situado na cidade de A Coruña, máis concretamente no Barrio de Monelos.

Esta zona da cidade de A Coruña atópase moi ben comunicada, tendo todo tipo de servizos. Na actualidade trátase dunha área moi desenvolvida, xa que está ao carón da Xunta de Galicia, do Centro Cívico de Monelos, A Biblioteca Pública e o

CEP María Pita. Por tratarse dun núcleo urbano importante ten unha gran diversidade de alumnado: inmigrantes, alumnado de etnia xitana etc...

Respecto ao tema Musical, a pesares de que a cidade conta con Conservatorio Profesional e Superior de Música e Escola Municipal, non se observa moito alumnado que asista a clases de Música extraescolares.

## 3.2. Obxectivos.

### 4.2.1 Obxectivos de 4º curso

a) Adquiri-las capacidades necesarias para poder elaborar e recrear ideas musicais mediante o uso da voz e dos instrumentos, co fin de enriquece-las súas posibilidades de expresión.
b) Desenvolve-la capacidade de análise de obras musicais como exemplo da creación artística e do patrimonio cultural, comprendendo o seu uso social e as súas intencións expresivas.
c) Aprender a utilizar diversas fontes de información para o coñecemento, desfrute e apreciación musical.
d) Fomenta-la audición activa e consciente de obras musicais como fonte de enriquecementos cultural e de pracer persoal, con vistas a favorece-la ampliación e diversificación dos seus gustos musicais.
e) Participar en actividades musicais, tanto dentro como fóra da aula, individual e grupalmente, con actitude aberta, interesada e respectuosa.
f) Coñece-las diferentes manifestacións musicais a través da historia e a súa significación no ámbito artístico e sociocultural.
g) Introducirse na utilización de novas tecnoloxías para a reprodución, transmisión e gravación do fenómeno musical.

## 3.3. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

Coa aprendizaxe da música as alumnas e os alumnos que rematen o ensino obrigatorio acadarán os obxectivos educativos propios da área, pero tamén desenvolverán as competencias clave.

**4.3.1 Comunicación lingüística.**

Nas clases de música a linguaxe utilízase como instrumento de representación, comprensión e interpretación da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización do pensamento a través da lectura comprensiva dos textos explicativos da materia, onde se tratan os contidos teóricos referidos ao uso e interpretación da simboloxía da linguaxe musical, ao coñecemento de estilos e etapas creativas, á ciencia organolóxica, ou mesmo a través do procesamento da información que se difunde sobre intérpretes e compositores. Tamén a través da lectura comprensiva dos enunciados das actividades propostas, da lectura sobre mulleres compositoras ou relacionadas dalgún xeito ca música e das letras de cancións, se desenvolve esta competencia básica.

A lingua como instrumento de comunicación de mensaxes orais que se intercambian en situacións comunicativas diversas é unha constante nas clases de música, nas explicacións sobre como interpretar partituras, enunciado de normas para compoñer, improvisar, tocar, cantar, actuar en conxunto, etc.

Outras funcións da linguaxe, como son dialogar, expresar pensamentos, emocións, opinións, formarse un xuízo crítico e ético, acádanse nas clases de música mediante a exposición das características musicais presentes nas audicións, enmarcando a obra, así como mediante a expresión dos propios gustos, a través da elaboración de

opinións fundadas, xuízos de valor e mesmo aprendendo a utilizar os termos axeitados para describir unha determinada peza musical.
Moitos dos contidos da materia trabállanse visualizando películas e documentais e traballando os contidos de maneira oral e escrita, dado que moitos destes materiais audiovisuais están en inglés subtitulado, trabállase tamén o uso funcional dunha lingua estranxeira.
Descritores a ter en conta para o desenvolvemento desta competencia:
- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
- Respectar as normas de comunicación en calquera contexto.
- Manexar elementos de comunicación non verbal ou diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.
- Aprender un repertorio de cancións –orais e escritas– en lingua galega e castelá.
- Empregar a voz e o propio corpo como instrumentos de expresión e comunicación.
- Relacionar o ritmo coa palabra.

Estándares de aprendizaxe 4º ESO

20. MUB2.1.1. Analiza e comenta as obras musicais propostas, axudándose de diversas fontes documentais.
21. MUB2.2.1. Analiza críticas musicais e utiliza un vocabulario axeitado para a elaboración de críticas orais e escritas sobre a música escoitada.
22. MUB2.3.1. Utiliza con rigor un vocabulario axeitado para describir a música.
23. MUB2.4.1. Recoñece e compara os trazos distintivos de obras musicais, e descríbeo utilizando unha terminoloxía axeitada.
24. MUB2.6.1. Coñece e explica o papel da música en situacións e contextos diversos: actos da vida cotiá, espectáculos, medios de comunicación, etc.
25. MUB3.3.1. Elabora traballos de investigación nos que establece sinerxías entre a música e outras manifestacións artísticas.
26. MUB4.4.1. Realiza traballos e exposicións ao resto do grupo sobre a evolución da música popular.
27. MUB4.5.2. Coñece e consulta fontes de información impresa ou dixital para resolver dúbidas e para avanzar na aprendizaxe autónoma.

**4.3.2 Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.**
Esta competencia desenvólvese en música basicamente a través de dúas canles: por unha banda, a métrica, que vén artellada polas relacións de divisibilidade e proporcionalidade entre figuras (as figuras son representacións gráficas de duracións de diversas magnitude e a construción rítmica precisa da capacidade para solventar problemas aritméticos con fraccións), e, por outra banda, a medida da altura, a través das unidades ton e semitón, tendo que utilizar nesta materia de xeito constante o cálculo mental para obter resultados sinxelos de forma exacta.
Desta forma se manexan os elementos matemáticos básicos en situacións procedentes doutros campos de coñecemento, neste caso, do eido musical.
Descritores a ter en conta para o desenvolvemento desta competencia:
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que ocorre ao noso arredor.
- Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico.
- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.
- Traballar visual e auditivamente e interpretar a proporción matemática en ritmogramas e musicogramas.

- Traballar a relación matemática dos compases cos elementos que integran a escritura no pentagrama.
- Adquirir coñecemento instrumental fixándose no corpo vibrante e na súa orixe.

**ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE 4º ESO**

6. MUB4.1.1. Selecciona e utiliza recursos tecnolóxicos para diferentes aplicacións musicais.
7. MUB4.1.2. Comprende a transformación de valores, hábitos, consumo e gusto musical como consecuencia dos avances tecnolóxicos.
8. MUB4.2.1. Manexa as técnicas básicas necesarias para a elaboración dun produto audio.

### 3.3.3 Competencia dixital.

Na área de Música cómpre facer uso das novas tecnoloxías da información para ampliar e actualizar certos contidos. Os alumnos e alumnas poderán deste xeito aumentar os seus coñecementos en determinados ámbitos de forma autónoma e eficaz.
Por outra banda, os alumnos traballan con programas informáticos de composición e edición musical, á parte de programas de procesamento de textos ou textos e imaxes, co que producen de modo eficiente información utilizando novos recursos expresivos.
Descritores a ter en conta para o desenvolvemento desta competencia:
- Elaborar e publicitar información propia derivada da información conseguida a través de medios tecnolóxicos.
- Empregar distintas fontes para a pesquisa de información.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción do coñecemento.
- Presentar os aparellos e soportes de tecnoloxía dixital e analóxica de son: radiocasetes, CD, reprodutores mp3, mp4, minidiscs.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE 4º DE ESO

- MUB2.5.1. Amosa unha actitude crítica ante o papel dos medios de comunicación na difusión e na promoción da música.
- MUB4.4.2. Utiliza os recursos das novas tecnoloxías para expor os contidos de maneira clara.

### 4.3.4 Aprender a aprender.

Esencialmente a aprendizaxe de calquera instrumento musical desenvolve actitudes de auto superación e auto disciplina, implicando a conciencia, xestión e control das propias capacidades e coñecementos dende un sentimento de competencia ou eficacia persoal. Por todo isto, consideramos que os alumnos e alumnas estudando música aprenden a aprender.
Descritores a ter en conta para o desenvolvemento desta competencia:
- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
-Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.
-Aprender a ter capacidade autocrítica, reflexionando sobre o esforzo e os logros acadados por medio da auto avaliación.

-Ter iniciativa persoal na elaboración de fichas creativas; así como nos remates plásticos das follas.
-Ter curiosidade e interese individual na aprendizaxe de conceptos musicais e interdisciplinais.
-Aprender e practicar estratexias lingüísticas para realizar oralmente descricións dos sons que escoitan coa axuda dun apoio visual.

<u>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE 4º DE ESO</u>

1. MUB1.1.1. Aplica as habilidades técnicas necesarias nas actividades de interpretación, colabora co grupo e respecta as regras fixadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades.
2. MUB3.3.1. Elabora traballos de investigación nos que establece sinerxías entre a música e outras manifestacións artísticas.
3. MUB4.4.1. Realiza traballos e exposicións ao resto do grupo sobre a evolución da música popular.
4. MUB4.1.1. Selecciona e utiliza recursos tecnolóxicos para diferentes aplicacións musicais.

### 4.3.5 Competencias socias e cívicas

Escoitando, tocando, cantando e analizando músicas de diversas culturas os alumnos e alumnas aprenden valores como a tolerancia, a apertura a novas formas de expresión ou o respecto e gozan co enriquecemento que supón o acercamento a diferentes realidades. Como cada día a nosa sociedade é máis plural, estas experiencias serven para favorecer a formación dunha conciencia cívica e para aprender a exercer a cidadanía democrática.
As manifestacións culturais actuais-e entre elas, as musicais proceden en gran medida das achegas das diferentes culturas ao longo dos séculos. Comprender isto amplía a visión dos alumnos e alumnas, e favorece o desenvolvemento do sentimento de cidadanía global.
Noutra orde de cousas, nas interpretacións colectivas os alumnos e alumnas teñen que aprender a aceptar as normas que esixe toda actividade grupal cooperativa, co que se lles ensina a manter unha actitude construtiva, solidaria e responsable, algo indispensable para a convivencia democrática.
Descritores a ter en conta para o desenvolvemento desta competencia:
- Desenvolver a capacidade de diálogo con demais en situacións de convivencia e traballo, e para a resolución de conflitos.
- Amosar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer a riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Evidenciar preocupación por los más desfavorecidos y respecto a los distintos ritmos y potencialidades.
- Desenvolver habilidades de cooperación para conseguir un resultado grupal satisfactorio.
- Comprender a realidade da pluralidade social actual coa que convivimos e aprender a respectarnos.
- Traballar o respecto e a actitude de escoita nas intervencións individuais dos compañeiros.
- Aceptar nas danzas e coreografías aos compañeiros se discriminar a ninguén.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE 4º DE ESO

6. **MUB1.6.3. Amosa apertura e respecto cara ás propostas do profesor/a e dos compañeiros/as.**
7. **MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.**
8. **MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.**
9. **MUB2.4.2. Recoñece e sabe situar no espazo e no tempo músicas de diferentes culturas e épocas históricas.**
10. **MUB4.1.2. Participa en todos os aspectos da produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías.**

### 4.3.6 Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Aprendendo a ler e interpretar partituras, a diferenciar estilos e parámetros musicais en audicións, a compoñer e/ou arranxar pezas musicais, a coordinarse nas interpretacións colectivas e nos traballos de investigación en grupo nos que cómpre facer repartos de tarefas, os alumnos e alumnas traballan as capacidades necesarias para o desenvolvemento da autonomía e iniciativa persoal.

Descritores a ter en conta para o desenvolvemento desta competencia:

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.
- Contaxiar entusiasmo pola tarefa e ter confianza nas posibilidades de acadar obxectivos.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos dun tema.
- Atopar posibilidades na contorna que outros non aprecian.
- Amosar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Asumir riscos no desenvolvemento de tarefas ou de proxectos.
- Desenvolver a confianza en si mesmos mediante as dramatizacións con xestos grupais e as coreografías; ademais de fomentar o espírito de superación nas actividades individuais; grazas ás gabanzas do profesorado.
- Valorar e coidar a voz cantando sen forzar as cordas vocais, de forma natural e desinhibida. Elaborar fichas individualmente para desenvolver hábitos de esforzo, traballo individual, iniciativa persoal, curiosidade e creatividade na aprendizaxe.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE 4º DE ESO

- MUB4.1.2. Comprende a transformación de valores, hábitos, consumo e gusto musical como consecuencia dos avances tecnolóxicos.
- MUB1.6.1. Practica, crea, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos, épocas históricas e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.
- MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.
- MUB1.6.5. Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.

#### 4.3.7 Conciencia e expresións culturais

A través da escoita e interpretación de pezas musicais os alumnos e alumnas aprenden a achegarse, comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilizalas como fonte de enriquecemento e goce e consideralas como parte do patrimonio dos pobos.

Por unha banda, durante a escoita, desenvolven a habilidade para apreciar e gozar coa arte, enriquecéndose con diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura, pero, por outra banda, mediante actividades de composición e interpretación de pezas musicais, porán en funcionamento a iniciativa, a imaxinación e a creatividade para expresarse a través de códigos artísticos e, na medida en que algunhas actividades culturais e artísticas supoñen en moitas ocasións un traballo colectivo, cómpre dispoñer de habilidades de cooperación para contribuír á consecución dun resultado final.

Descritores a ter en conta para o desenvolvemento desta competencia:

- Expresar sentimentos e emocións mediante códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e as manifestacións de creatividade e amosar gusto pola estética no ámbito cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
- Amosar respeto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertente (artístico-literaria, etnográfica, científico técnica...), e cara ás persoas que contribuíron no seu desenvolvemento.
-Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE 4º DE ESO

- MUB1.1.2. Le partituras como apoio á interpretación.
- MUB1.2.1. Interpreta e memoriza un repertorio variado de cancións, pezas instrumentais e danzas cun nivel de complexidade en aumento.
- MUB2.3.1. Utiliza con rigor un vocabulario axeitado para describir a música.
- .MUB2.4.1. Recoñece e compara os trazos distintivos de obras musicais, e descríbeo utilizando unha terminoloxía axeitada.
- MUB2.4.2. Sitúa a obra musical nas coordenadas de espazo e tempo.
- MUB2.6.1. Coñece e explica o papel da música en situacións e contextos diversos: actos da vida cotiá, espectáculos, medios de comunicación, etc.
- MUB3.1.1. Amosa interese por coñecer o patrimonio musical español e galego.
- MUB3.1.2. Coñece as testemuñas máis importantes do patrimonio musical español e galego, e sitúaos no seu contexto histórico e social.
- MUB4.5.1. Amosa interese por coñecer as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías como ferramentas para a actividade musical.

## 4.4 Contidos, secuenciación e temporalización.

### 4.4.1 Secuenciación e temporalización dos contidos e criterios de avaliación de 4º Curso ESO.

En cuarto curso da ESO a materia de música está presente en todos os itinerarios, como optativa ou como optativa de obrigada oferta. No obstante os contidos son os mesmos para tódolos alumnos sexa cal fóra o seu itinerario. Desta forma e al. Menos dende un punto de vista teórico os alumnos de cuarto curso escollen esta materia de forma voluntaria o que presupón por parte deles dunha especial motivación cara a mesma. A lei presenta os contidos de cuarto curso agrupados baixo epígrafes temáticos de moi diferente índole,

perseguindo con eles abondar en facetas da música que non puideron abordarse en cursos precedentes. Estas facetas son a música de cine, a música popular, a música folclórica española, a música tradicional extraeuropea, a evolución da música culta en España, e a música e as novas tecnoloxías.

**Tema 1. A música de cine.**

Contidos

3 Funcións da música no cine. *
4 Evolución da música cinematográfica.
5 A Banda sonora orixinal e adaptada. *
6 Os principais compositores de música cinematográfica. *
7 O musical.
8 Visualizacións de fragmentos de películas con diferente uso da Banda sonora musical.
9 A música na radio e na televisión.
10 Función da música na publicidade. Análise das funcións da música na publicidade estática e dinámica por medio da observación e o estudio de diferentes anuncios.

Criterios de avaliación

a) Saber recoñecer, ler, escribir, e reproducir os elementos básicos da linguaxe relacionados coa organización do discurso musical.
b) Distinguir as diversas funcións que cumpre a música na nosa sociedade, atendendo a diversas variables: intención de uso, estrutura formal, medio de difusión utilizado, etc.
c) Analizar os procesos de produción musical: partituras, gravacións, etc, valorando a intervención dos distintos profesionais.
d) Caracterizar a función da música nos distintos medios de comunicación: radio, televisión, cine, e as súas aplicacións na publicidade.
e) Saber analizar obras musicais, mediante audicións e/ou partituras, atendendo ás súas características formais e riscos estilísticos máis representativos, e situalas no seu contexto cultural.
f) Utilizar a terminoloxía axeitada na análise de obras e situacións musicais, consultando as fontes documentais necesarias.
g) Valorar o papel das novas tecnoloxías na creación e reprodución da música, a través do seu emprego.
h) Recoñecer as mostras máis importantes do patrimonio musical galego así como do resto do Estado español, situándoas no seu contexto histórico e social.

**Tema 2. A música popular.**

Contidos

1. Diferencias conceptuais entre a música popular urbana, a música tradicional e a música chamada culta. *
2. A orixe da música popular urbana: o salón, o teatro e as variedades. *
3. Estrutura poético-musical de la música popular.
4. As formas musicais populares.
5. As agrupacións da música popular. *
6. A voz na música popular.
7. Diferencias estilísticas e de orixe entre a música negra e branca.
8. jazz: orixe, evolución e difusión. Organoloxía. Correntes máis destacadas. *
9. Movementos da música popular urbana. A música popular xuvenil: aspectos estéticos e sociolóxicos.
10. As outras músicas.
11. Análise de obras pertencentes á música popular urbana, fundamentada na audición e apoiada en partituras ou noutras representacións gráficas.

Criterios de avaliación

a) Saber recoñecer, ler, escribir, e reproducir os elementos básicos da linguaxe relacionados coa organización do discurso musical.

b) Distinguir as diversas funcións que cumpre a música na nosa sociedade, atendendo a diversas variables: intención de uso, estrutura formal, medio de difusión utilizado, etc.
c) Analizar os procesos de produción musical: partituras, gravacións, etc, valorando a intervención dos distintos profesionais.
d) Caracterizar a función da música nos distintos medios de comunicación: radio, televisión, cine, e as súas aplicacións na publicidade.
e) Saber analizar obras musicais, mediante audicións e/ou partituras, atendendo ás súas características formais e riscos estilísticos máis representativos, e situalas no seu contexto cultural.
f) Utilizar a terminoloxía axeitada na análise de obras e situacións musicais, consultando as fontes documentais necesarias.
g) Valorar o papel das novas tecnoloxías na creación e reprodución da música, a través do seu emprego.
h) Recoñecer as mostras máis importantes do patrimonio musical galego así como do resto do Estado español, situándoas no seu contexto histórico e social.

**Tema 3. O folclore español.**

Contidos

1. As tradicións musicais en España: influencia e diversidade.
2. Factores que determinan as diferentes variedades folclóricas en España. *
3. Características xerais do folclore español: formas, danzas e organoloxía. *
4. Interpretación grupal de repertorio vocal e instrumental, con ou sen movemento asociado. *
5. A música tradicional do Estado español: a danza e a súa música. O canto. Os instrumentos populares.
6. Identificación das diferentes zonas folclóricas de España. *
7. Riscos máis sobresaíntes do folclore castelán, estremeño, canario, andaluz, navarro-aragonés, catalán, balear, levantino, vasco, cántabro y asturiano. *
8. A Orixe do flamenco. *
9. Características do flamenco.
10. Os "palos" do flamenco.

Criterios de avaliación

a) Saber recoñecer, ler, escribir, e reproducir os elementos básicos da linguaxe relacionados coa organización do discurso musical.
b) Distinguir as diversas funcións que cumpre a música na nosa sociedade, atendendo a diversas variables: intención de uso, estrutura formal, medio de difusión utilizado, etc.
c) Analizar os procesos de produción musical: partituras, gravacións, etc, valorando a intervención dos distintos profesionais.
d) Saber analizar obras musicais, mediante audicións e/ou partituras, atendendo ás súas características formais e riscos estilísticos máis representativos, e situalas no seu contexto cultural.
e) Utilizar a terminoloxía axeitada na análise de obras e situacións musicais, consultando as fontes documentais necesarias.
f) Recoñecer as mostras máis importantes do patrimonio musical galego así como do resto do Estado español, situándoas no seu contexto histórico e social.

**Tema 4. O folclore galego.**

Contidos

1. A música tradicional en Galicia: a danza, e a súa música, o canto.
2. Características xerais do folclore galego. *
3. Organoloxía no folclore galego: características, orixe e uso dos instrumentos habituais da tradición musical galega. *
4. Principais agrupacións instrumentais.*
5. As formas musicais do folclore galego: as súas características e o seu uso. *

6. Interpretación grupal de repertorio vocal e instrumental, con ou sen movemento asociado. *

Criterios de avaliación

a) Saber recoñecer, ler, escribir, e reproducir os elementos básicos da linguaxe relacionados coa organización do discurso musical.
b) Distinguir as diversas funcións que cumpre a música na nosa sociedade, atendendo a diversas variables: intención de uso, estrutura formal, medio de difusión utilizado, etc.
c) Analizar os procesos de produción musical: partituras, gravacións, etc, valorando a intervención dos distintos profesionais.
d) Saber analizar obras musicais, mediante audicións e/ou partituras, atendendo ás súas características formais e riscos estilísticos máis representativos, e situalas no seu contexto cultural.
e) Utilizar a terminoloxía axeitada na análise de obras e situacións musicais, consultando as fontes documentais necesarias.
f) Recoñecer as mostras máis importantes do patrimonio musical galego así como do resto do Estado español, situándoas no seu contexto histórico e social.

**Tema 5. Informática e música.**

Contidos

1. A electrónica e a informática aplicadas á música.*
2. A produción eléctrica do son.
3. Funcións do sintetizador, do secuenciador e da mesa de mestura.*
4. Gravación analóxica e dixital de son.*
5. Arquivos de onda e arquivos MIDI.*
6. A informática multimedia.
7. Instrumentos electrónicos.*
8. Coñecementos básicos de programas informáticos de aplicación na creación musical.

Criterios de avaliación

a) Saber recoñecer, ler, escribir, e reproducir os elementos básicos da linguaxe relacionados coa organización do discurso musical.
b) Distinguir as diversas funcións que cumpre a música na nosa sociedade, atendendo a diversas variables: intención de uso, estrutura formal, medio de difusión utilizado, etc.
c) Analizar os procesos de produción musical: partituras, gravacións, etc, valorando a intervención dos distintos profesionais.
d) Caracterizar a función da música nos distintos medios de comunicación: radio, televisión, cine, e as súas aplicacións na publicidade.
e) Utilizar a terminoloxía axeitada na análise de obras e situacións musicais, consultando as fontes documentais necesarias.
f) Valorar o papel das novas tecnoloxías na creación e reprodución da música, a través do seu emprego.

**Tema 6. A música culta en España dende a Prehistoria á Idade Media.**

Contidos

1. A música na Idade Media; a música medieval en Galicia.
2. A música da Prehistoria na península Ibérica: fontes.
3. Mecenazgo e práctica musical no medievo: a Igrexa e a Corona.*
4. Etapas musicais da musical medieval hispana.*
5. Primeira etapa (S. V-XI): música andalusí, sefardí e liturxia mozárabe. Características e fontes.*
6. Segunda etapa (S. XI-XV): penetración da liturxia gregoriana e do sistema de notación diastemático, a práctica polifónica, o movemento trobadoresco, a lírica galaico-portuguesa, o drama litúrxico. Principais autores e obras.*
7. Formas e estruturas da música medieval hispana.
8. Instrumentos medievais. Tipoloxía e fontes. Importancia do Pórtico da Gloria. *
9. Nacemento das fontes escritas musicais na Idade media: códices e legaxos.

10. Execución vocal e/ou instrumental de obras medievais e/ou renacentistas.

Criterios de avaliación

a) Saber recoñecer, ler, escribir, e reproducir os elementos básicos da linguaxe relacionados coa organización do discurso musical.
b) Distinguir as diversas funcións que cumpre a música na nosa sociedade, atendendo a diversas variables: intención de uso, estrutura formal, medio de difusión utilizado, etc.
c) Analizar os procesos de produción musical: partituras, gravacións, etc, valorando a intervención dos distintos profesionais.
d) Saber analizar obras musicais, mediante audicións e/ou partituras, atendendo ás súas características formais e riscos estilísticos máis representativos, e situalas no seu contexto cultural.
e) Utilizar a terminoloxía axeitada na análise de obras e situacións musicais, consultando as fontes documentais necesarias.
f) Valorar o papel das novas tecnoloxías na creación e reprodución da música, a través do seu emprego.
g) Recoñecer as mostras máis importantes do patrimonio musical galego así como do resto do Estado español, situándoas no seu contexto histórico e social.

**Tema 7. A música culta en España dende o Renacemento ó Clasicismo.**

Contidos

1. Períodos musicais da Idade Moderna en España. Cronoloxía.*
2. O mecenazgo: a importancia da Igrexa, da Corona, da nobreza e da burguesía en cada un dos diferentes períodos musicais da Idade Moderna.*
3. A música en España e iberoamérica na Idade Moderna.*
4. A edición impresa de música.*
5. Características xerais da música do renacemento español.*
6. Os polifonistas do Renacemento. A música profana, vilancicos e romances.
7. A polifonía renacentista en lingua romance: o vilancico.
8. A música renacentista polifónica latina litúrxica.
9. O nacemento da escola polifónica española.
10. O nacemento no renacemento da música instrumental culta.
11. Instrumentos máis habituais no renacemento.
12. Principais autores e obras musicais do Renacemento español.*
13. Execución vocal e/ou instrumental de obras medievais e/ou renacentistas.*
14. Barroco: teatro musical, musica relixiosa e civil.
15. Características xerais da música do barroco español.*
16. O mecenazgo: a Igrexa, a Corona e a nobreza.
17. A música relixiosa barroca. A policoralidade e o vilancico litúrxico.
18. A escasa música instrumental barroca española.
19. O nacemento da música teatral hispana: a zarzuela. Diferentes etapas da zarzuela barroca.
20. Instrumentos máis habituais do barroco.
21. Principais autores e obras musicais do Barroco español.*
22. Características xerais da música do Clasicismo español.*
23. O mecenazgo: a Igrexa, a Corona, a nobreza e a burguesía. Importancia da Ilustración na música española.
24. Periodización do Clasicismo español.*
25. A música relixiosa do clasicismo español. A policoralidade e a crise do vilancico litúrxico.
26. A música instrumental do Clasicismo español.
27. A música teatral hispana: a zarzuela do período clásico. A tonadilla escénica.
28. Instrumentos máis habituais do Clasicismo.
29. Principais autores e obras musicais do Clasicismo español.*

Criterios de avaliación

a) Saber recoñecer, ler, escribir, e reproducir os elementos básicos da linguaxe relacionados coa organización do discurso musical.
b) Distinguir as diversas funcións que cumpre a música na nosa sociedade, atendendo a diversas variables: intención de uso, estrutura formal, medio de difusión utilizado, etc.
c) Analizar os procesos de produción musical: partituras, gravacións, etc, valorando a intervención dos distintos profesionais.
d) Saber analizar obras musicais, mediante audicións e/ou partituras, atendendo ás súas características formais e riscos estilísticos máis representativos, e situalas no seu contexto cultural.
e) Utilizar a terminoloxía axeitada na análise de obras e situacións musicais, consultando as fontes documentais necesarias.
f) Recoñecer as mostras máis importantes do patrimonio musical galego así como do resto do Estado español, situándoas no seu contexto histórico e social.

**Tema 8. A música culta en España dende o século XIX ata a actualidade.**

Contidos

1. Música e sociedade en España dos séculos XIX e XX: a zarzuela.
2. Períodos musicais da Idade Contemporánea en España. Romanticismo, Nacionalismo e Música contemporánea: cronoloxía.*
3. O mecenazgo na Idade Contemporánea. A Desamortización de Mendizábal e a súa influencia no final do mecenazgo eclesiástico. A creación dos Conservatorios. A aparición das sociedades filharmónicas e o asociacionismo musical. A importancia do patrocinio público no século XX, estatal, autonómico e municipal.*
4. A edición impresa de música.
5. Caraterísticas da música romántica española.*
6. Principals autores e obras do período romántico español.*
7. O desenvolvemento do xénero lírico hispano dende a século XIX ata a actualidade: a zarzuela e a ópera.*
8. Principais autores e obras do xénero lírico teatral hispano ao longo dos séculos XIX e XX.*
9. Características da música española nacionalista*.
10. Relación entre o Rexurdimento e o nacionalismo musical galego.*
11. Principais autores e obras do nacionalismo español e galego.*
12. A música en España e Galicia dende 1939.*
13. Principais autores españois e galegos dende 1939.*
14. Análise de obras dos diferentes períodos, fundamentado na audición e/noutras representacións gráficas.

Criterios de avaliación

a) Saber recoñecer, ler, escribir, e reproducir os elementos básicos da linguaxe relacionados coa organización do discurso musical.
b) Distinguir as diversas funcións que cumpre a música na nosa sociedade, atendendo a diversas variables: intención de uso, estrutura formal, medio de difusión utilizado, etc.
c) Analizar os procesos de produción musical: partituras, gravacións, etc, valorando a intervención dos distintos profesionais.
d) Saber analizar obras musicais, mediante audicións e/ou partituras, atendendo ás súas características formais e riscos estilísticos máis representativos, e situalas no seu contexto cultural.
e) Utilizar a terminoloxía axeitada na análise de obras e situacións musicais, consultando as fontes documentais necesarias.
f) Valorar o papel das novas tecnoloxías na creación e reprodución da música, a través do seu emprego.
g) Recoñecer as mostras máis importantes do patrimonio musical galego así como do resto do Estado español, situándoas no seu contexto histórico e social.

**Tema 9. A música étnica.**

Contidos

1. Folclore, etnomusicoloxía e antropoloxía da música.
2. A música tradicional e popular en Iberoamérica.
3. A música indíxena.*
4. Influencias da música hispana.*
5. Escoita activa de obras populares iberoamericanas.
6. Interpretación de obras e/ou instrumentais pertencentes á música iberoamericana.
7. A música doutras culturas: África e Extremo Oriente.*
8. A música en África. A música no Islam. A música na África negra.*
9. Interpretación de pezas vocais e/ou instrumentais representativas destas culturas.
10. Escoita activa de obras populares de África e Extremo Oriente.

Criterios de avaliación

a) Saber recoñecer, ler, escribir, e reproducir os elementos básicos da linguaxe relacionados coa organización do discurso musical.
b) Distinguir as diversas funcións que cumpre a música na nosa sociedade, atendendo a diversas variables: intención de uso, estrutura formal, medio de difusión utilizado, etc.
c) Analizar os procesos de produción musical: partituras, gravacións, etc, valorando a intervención dos distintos profesionais.
d) Caracterizar a función da música nos distintos medios de comunicación: radio, televisión, cine, e as súas aplicacións na publicidade.
e) Saber analizar obras musicais, mediante audicións e/ou partituras, atendendo ás súas características formais e riscos estilísticos máis representativos, e situalas no seu contexto cultural.
f) Utilizar a terminoloxía axeitada na análise de obras e situacións musicais, consultando as fontes documentais necesarias.
g) Valorar o papel das novas tecnoloxías na creación e reprodución da música, a través do seu emprego.

### 4.4.3 Contidos mínimos.

Os contidos mínimos de cada tema están sinalados no apartado precedente cun asterisco e refírense aos seguintes estándares de aprendizaxe.

| Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles | |
|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| B1.1. Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; notas adicionais, clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.). | MUB1.1.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; notas adicionais, clave de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.). |
| B1.3. Coñecer os principios básicos dos procedementos compositivos e as formas de organización musical. | MUB1.3.1. Comprende e identifica os conceptos e os termos básicos relacionados cos procedementos compositivos e os tipos formais. |
| B1.4. Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e as habilidades técnicas como medio para as actividades de interpretación, aceptando e cumprindo as normas que rexen a interpretación en grupo e achegando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común. | MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.<br>MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público. |
| B1.6. Participar activamente e con iniciativa | MUB1.6.3. Amosa apertura e respecto cara ás propostas do profesorado e dos compañeiros e as |

| | |
|---|---|
| persoal nas actividades de interpretación, asumindo diferentes papeis, intentando concertar a súa acción coa do resto do conxunto, achegando ideas musicais e contribuíndo ao perfeccionamento da tarefa en común. | compañeiras.<br>MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.<br>MUB1.6.5. Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa. |
| B2.3. Valorar o silencio como condición previa para participar nas audicións. | MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición. |
| B4.1. Utilizar recursos tecnolóxicos dispoñibles para gravar e reproducir música. | MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízaas como ferramentas para a actividade musical.<br>MUB4.1.2. Participa na produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías. |
| B3.4. Distinguir, situar e caracterizar as grandes épocas da historia da música. | MUB3.4.1. Distingue e sitúa temporalmente ás épocas da historia da música e as tendencias musicais. |
| B2.4. Recoñecer auditivamente e determinar a época ou a cultura á que pertencen distintas obras musicais, interesándose por ampliar as súas preferencias. | MUB2.4.1. Amosa interese por coñecer músicas doutras épocas e culturas, comparando e contrastando as novas músicas coñecidas.<br>MUB2.4.2. Recoñece e sabe situar no espazo e no tempo músicas de diferentes culturas e épocas históricas. |
| B3.3. Relacionar as cuestións técnicas aprendidas coas características das épocas da historia musical. | MUB3.3.1. Relaciona as cuestións técnicas aprendidas vinculándoas ás épocas da historia da música correspondentes. |
| B3.6. Amosar interese e actitude crítica pola música, os concertos en vivo e as propostas musicais, valorando os seus elementos creativos e innovadores ao longo da historia | MUB3.6.1. Utiliza diversas fontes de información para indagar sobre as novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións. |
| B1.4. Analizar os procesos básicos de creación, edición e difusión musical, considerando a intervención de distintos/as profesionais. | MUB1.4.1. Coñece e analiza o proceso seguido en diversas producións musicais (discos, programas de radio e televisión, cine, etc.) e o papel xogado en cada fase do proceso polos/as profesionais que interveñen. |
| B2.5. Distinguir as funcións que cumpre a música na nosa sociedade, atendendo a diversas variables: intención de uso, estrutura formal e medio de difusión utilizado. | MUB2.5.1. Amosa unha actitude crítica ante o papel dos medios de comunicación na difusión e na promoción da música. |
| B2.6. Explicar algunhas das funcións que cumpre a música na vida das persoas e na sociedade. | MUB2.6.1. Coñece e explica o papel da música en situacións e contextos diversos: actos da vida cotiá, espectáculos, medios de comunicación, etc. |
| B3.1. Apreciar a importancia patrimonial da música española e galega, e comprender o valor de conservala e transmitila colaborando na recollida, na gravación e na transcrición de pezas. | MUB3.1.1. Amosa interese por coñecer o patrimonio musical español e galego.<br>MUB3.1.2. Coñece as testemuñas máis importantes do patrimonio musical español e galego, e sitúaos no seu contexto histórico e social. |
| B3.2. Coñecer a existencia doutras manifestacións musicais e consideralas como fonte de enriquecemento cultural. | MUB3.2.1. Analiza a través da audición músicas de distintos lugares do mundo e identifica as súas características fundamentais. |

| | |
|---|---|
| | MUB3.2.2. Recoñece e explica as características básicas da música española e da música popular urbana. |
| B3.4. Coñecer e analizar as características dos principais grupos e tendencias da música popular urbana actual. | MUB4.4.1. Realiza traballos e exposicións ao resto do grupo sobre a evolución da música popular.<br>MUB4.4.2. Utiliza os recursos das novas tecnoloxías para expor os contidos de maneira clara. |
| B4.5. Coñecer as posibilidades das tecnoloxías aplicadas á música e utilizalas con autonomía. | MUB4.5.1. Amosa interese por coñecer as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías como ferramentas para a actividade musical. |

**4.4.4 Temporalización.**

O currículo actual de 4º E.S.O. contempla para a materia de música tres horas lectivas á semana. Polo tanto ó mes contén un promedio de doce sesións, e un curso de nove meses 108 sesións. Tendo en conta isto cada un dos temas do noso proxecto precisa das seguintes sesións:

1. Tema 1: 12 sesións.
2. Tema 2: 12 sesións.
3. Tema 3: 12 sesións.
4. Tema 4: 12 sesións.
5. Tema 5: 12 sesións.
6. Tema 6: 12 sesións.
7. Tema 7: 12 sesións.
8. Tema 8: 12 sesións.
9. Tema 9: 12 sesións.

## 4.5.-Relación dos elementos curriculares.

### 4.5.1 Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliables da materia que forman parte dos perfís competenciais.

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|
| Bloque 1. Interpretación e creación | | | |
| ▪ B1.1. Práctica e aplicación de habilidades técnicas en grao crecente de complexidade e concertación coas outras partes do conxunto na interpretación vocal e instrumental, e no movemento e a danza.<br>▪ B1.2. Interpretación de pezas vocais e instrumentais aprendidas de oído e/ou mediante a lectura de partituras con diversos tipos de notación. | ▪ B1.1. Ensaiar e interpretar, en pequeno grupo, unha peza vocal ou instrumental, ou unha coreografía, aprendidas de memoria a través da audición ou da observación de gravacións de audio e vídeo, ou mediante a lectura de partituras e outros recursos gráficos. | ▪ MUB1.1.1. Aplica as habilidades técnicas necesarias nas actividades de interpretación, colabora co grupo e respecta as regras fixadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades. | CAA<br>CSC |
| | | ▪ MUB1.1.2. Le partituras como apoio á interpretación. | CCEC |
| | | ▪ MUB1.1.3. Coñece e cumpre as normas establecidas para realizar as actividades da aula. | CSC |

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|
| ▪ B1.3. Planificación, ensaio, interpretación, dirección e avaliación de espectáculos musicais na aula e noutros espazos e contextos.<br>▪ B1.4. Perseveranza na práctica de habilidades técnicas que permitan mellorar a interpretación individual e en grupo, e a creación musical. | ▪ B1.2. Participar activamente nalgunhas das tarefas necesarias para a celebración de actividades musicais no centro docente: planificación, ensaio, interpretación, difusión, etc. | ▪ MUB1.2.1. Interpreta e memoriza un repertorio variado de cancións, pezas instrumentais e danzas cun nivel de complexidade en aumento. | CCEC<br>CSC |
| ▪ B1.5. Utilización de técnicas, recursos e procedementos compositivos na improvisación, na elaboración de arranxos e na creación de pezas musicais. | ▪ B1.3. Compoñer unha peza musical utilizando diferentes técnicas e recursos. | ▪ MUB1.3.1. Coñece e utiliza axeitadamente técnicas, recursos e procedementos compositivos para elaborar arranxos musicais, improvisar e compor música. | CD<br>CMCCT |
| | | ▪ MUB1.3.2. Utiliza con autonomía recursos informáticos ao servizo da creación musical. | CD |
| ▪ B1.6. Ámbitos profesionais da música. Identificación e descrición das facetas e as especialidades no traballo dos/das músicos/as.<br>▪ B1.7. Interese por coñecer as posibilidades que ofrece a música nos ámbitos persoal e profesional. | ▪ B1.4. Analizar os procesos básicos de creación, edición e difusión musical, considerando a intervención de distintos/as profesionais. | ▪ MUB1.4.1. Coñece e analiza o proceso seguido en diversas producións musicais (discos, programas de radio e televisión, cine, etc.) e o papel xogado en cada fase do proceso polos/as profesionais que interveñen. | CSC<br>CSIEE |
| Bloque 2. Escoita | | | |
| ▪ B2.1. Audición, recoñecemento, análise e comparación de músicas de diferentes xéneros, estilos e culturas. | ▪ B2.1. Analizar e describir as principais características de pezas musicais apoiándose na audición e no uso de documentos como partituras, textos ou musicogramas. | ▪ MUB2.1.1. Analiza e comenta as obras musicais propostas, axudándose de diversas fontes documentais. | CMCCT<br>CCL<br>CSC |
| | | ▪ MUB2.1.2. Le e analiza partituras como apoio á audición. | CCEC |
| ▪ B2.2. A crítica como medio de información e valoración do feito musical. Análise de críticas musicais e uso dun vocabulario apropiado para a elaboración de críticas orais e escritas sobre a música escoitada. | ▪ B2.2. Expor de xeito crítico a opinión persoal respecto de distintas músicas e eventos musicais, argumentándoa en relación coa información obtida en diversas fontes: libros, publicidade, programas de concertos, críticas, etc. | ▪ MUB2.2.1. Analiza críticas musicais e utiliza un vocabulario axeitado para a elaboración de críticas orais e escritas sobre a música escoitada. | CCL<br>CCEC |
| ▪ B2.3. Rigor na utilización dun vocabulario adecuado para describir a música. | ▪ B2.3. Utilizar a terminoloxía axeitada na análise de obras e situacións musicais. | ▪ MUB2.3.1. Utiliza con rigor un vocabulario axeitado para describir a música. | CCL<br>CCEC |

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|
| | | | |
| ▪ B2.4. Utilización de diversas fontes de información para obter referencias sobre músicas de diferentes épocas e culturas, incluídas as actuais, e sobre a oferta de concertos e outras manifestacións musicais, tanto en vivo como divulgadas a través dos medios de comunicación. | ▪ B2.4. Recoñecer auditivamente, clasificar, situar no tempo e no espazo, e determinar a época ou a cultura e o estilo das obras musicais escoitadas previamente na aula, amosando apertura e respecto polas novas propostas musicais e interesándose por ampliar as súas preferencias. | ▪ MUB2.4.1. Recoñece e compara os trazos distintivos de obras musicais, e descríbeo utilizando unha terminoloxía axeitada. | CCL<br>CCEC |
| | | ▪ MUB2.4.2. Sitúa a obra musical nas coordenadas de espazo e tempo. | CCEC<br>CSC |
| | | ▪ MUB2.4.3. Amosa interese, respecto e curiosidade pola diversidade de propostas musicais, así como polos gustos musicais doutras persoas. | CSC<br>CCEC |
| ▪ B2.5. Edición, comercialización e difusión da música. Novas modalidades de distribución da música e as súas consecuencias para os/as profesionais da música e a industria musical. | ▪ B2.5. Distinguir as funcións que cumpre a música na nosa sociedade, atendendo a diversas variables: intención de uso, estrutura formal e medio de difusión utilizado. | ▪ MUB2.5.1. Amosa unha actitude crítica ante o papel dos medios de comunicación na difusión e na promoción da música. | CD<br>CSC |
| ▪ B2.6. A música nos medios de comunicación. Factores que inflúen nas preferencias e nas modas musicais.<br>▪ B2.7. Interese, respecto e curiosidade pola diversidade de propostas musicais, así como polos gustos musicais doutras persoas. | ▪ B2.6. Explicar algunhas das funcións que cumpre a música na vida das persoas e na sociedade. | ▪ MUB2.6.1. Coñece e explica o papel da música en situacións e contextos diversos: actos da vida cotiá, espectáculos, medios de comunicación, etc. | CCL<br>CCEC<br>CSC |
| Bloque 3. Contextos musicais e culturais | | | |
| ▪ B3.1. Recoñecemento e localización nas coordenadas espazo-temporais das manifestacións musicais máis significativas do patrimonio musical español e galego. | ▪ B3.1. Apreciar a importancia patrimonial da música española e galega, e comprender o valor de conservala e transmitila colaborando na recollida, na gravación e na transcrición de pezas. | ▪ MUB3.1.1. Amosa interese por coñecer o patrimonio musical español e galego. | CSC<br>CCEC |
| | | ▪ MUB3.1.2. Coñece as testemuñas máis importantes do patrimonio musical español e galego, e sitúaos no seu contexto histórico e social. | CSC<br>CCEC |
| ▪ B3.2. Pluralidade de estilos na música actual: características culturais, artísticas e formais.<br>▪ B3.3. Manifestacións musicais doutras culturas. | ▪ B3.2. Coñecer a existencia doutras manifestacións musicais e consideralas como fonte de enriquecemento cultural. | ▪ MUB3.2.1. Analiza a través da audición músicas de distintos lugares do mundo e identifica as súas características fundamentais. | CSC<br>CCEC |
| | | ▪ MUB3.2.2. Recoñece e explica as características básicas da música española e da música popular urbana. | CSC<br>CCEC |

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|
| ▪ B3.4. A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria.<br>▪ B3.5. Análise da música empregada en diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais. | ▪ B3.3. Realizar exercicios que reflictan a relación da música con outras manifestacións artísticas. | ▪ MUB3.3.1. Elabora traballos de investigación nos que establece sinerxías entre a música e outras manifestacións artísticas. | CCL<br>CSC<br>CAA |
| ▪ B3.6. Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre música popular urbana.<br>▪ B3.7. O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento da música e a satisfacción con ela.<br>▪ B3.8. Sensibilización e actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música e a contaminación sonora. | ▪ B3.4. Coñecer e analizar as características dos principais grupos e tendencias da música popular urbana actual. | ▪ MUB4.4.1. Realiza traballos e exposicións ao resto do grupo sobre a evolución da música popular. | CAA<br>CSC<br>CCL |
| | | ▪ MUB4.4.2. Utiliza os recursos das novas tecnoloxías para expor os contidos de maneira clara. | CD |
| Bloque 4. Música e tecnoloxías | | | |
| ▪ B4.1. Papel das tecnoloxías na música. Reflexión sobre a repercusión que na música tivo a posibilidade de gravar o son e a aparición dos computadores.<br>▪ B4.2. Transformación de valores, hábitos, consumo e gusto musical como consecuencia dos avances tecnolóxicos das últimas décadas. | ▪ B4.1. Valorar o papel das tecnoloxías na formación musical. | ▪ MUB4.1.1. Selecciona e utiliza recursos tecnolóxicos para diferentes aplicacións musicais. | CAA<br>CD<br>CMCCT |
| | | ▪ MUB4.1.2. Comprende a transformación de valores, hábitos, consumo e gusto musical como consecuencia dos avances tecnolóxicos. | CSC<br>CSIEE |
| ▪ B4.3. Utilización de dispositivos electrónicos, recursos de internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo e a escoita, a interpretación e a creación musical. | ▪ B4.2. Aplicar as técnicas de gravación analóxica e dixital para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais. | ▪ MUB4.2.1. Manexa as técnicas básicas necesarias para a elaboración dun produto audiovisual. | CSC<br>CD |
| ▪ B4.4. Aplicación de técnicas de gravación analóxica e dixital para rexistrar as creacións propias, as | ▪ B4.3. Sonorizar unha secuencia de imaxes fixas ou en movemento utilizando diferentes recursos | ▪ MUB4.3.1. Sabe procurar e seleccionar fragmentos musicais axeitados para sonorizar secuencias de imaxes. | CAA<br>CD |

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|
| interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais. | informáticos. | ▪ MUB4.3.2. Sonoriza imaxes fixas e en movemento mediante a selección de músicas preexistentes ou a creación de bandas sonoras orixinais. | CD<br>CCEC<br>CMCCT |
| ▪ B4.5. Análise das funcións da música en producións audiovisuais: publicidade, televisión, cine, videoxogos, etc. | ▪ B4.4. Caracterizar a función da música nos medios de comunicación (radio, televisión, cine, etc.) e as súas aplicacións na publicidade, nos videoxogos e noutras aplicacións tecnolóxicas. | ▪ MUB4.4.1. Utiliza con autonomía as fontes de información e os procedementos apropiados para indagar e elaborar traballos relacionados coa función da música nos medios de comunicación. | CAA<br>CD |
| ▪ B4.6. Sonorización de imaxes fixas e en movemento mediante a selección de músicas preexistentes ou a creación de bandas sonoras orixinais.<br>▪ B4.7. Valoración crítica da utilización dos medios audiovisuais e as tecnoloxías da información e da comunicación como recursos para a creación, a interpretación, o rexistro e a difusión de producións sonoras e audiovisuais. | ▪ B4.5. Coñecer as posibilidades das tecnoloxías aplicadas á música e utilizalas con autonomía. | ▪ MUB4.5.1. Amosa interese por coñecer as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías como ferramentas para a actividade musical. | CD<br>CCEC |
| | | ▪ MUB4.5.2. Coñece e consulta fontes de información impresa ou dixital para resolver dúbidas e para avanzar na aprendizaxe autónoma. | CD<br>CCL<br>CAA |
| | | ▪ MUB4.5.3. Utiliza a información de xeito crítico, obtena de distintos medios e pode utilizala e transmitila utilizando distintos soportes. | CAA<br>CL<br>CD |

## 4.5.2 Relación de estándares de aprendizaxe na temporalización, a contribución ao desenvolvemento das competencias clave, o grado mínimo para superar a materia e os Instrumentos de Avaliación.

| TRIM. | ESTANDAR DE APRENDIZAXE | COMPET. CLAVE | Grao Minimo Cons. | Escrita | Interpret. Indiv. | Interpret. Grupo | Rúbrica Proxecto | Rúbrica Informe | Obs. Aula |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | **Bloque 1. Interpretación e creación** | | | | | | | | |
| | MUB1.1.1. Aplica as habilidades técnicas necesarias nas actividades de interpretación, colabora co grupo e respecta as regras fixadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades. | CAA<br>CSC | **50** | | | | | | **100** |
| | MUB1.1.2. Le partituras como apoio á interpretación. | CCEC | **50** | | | | | | **100** |
| | MUB1.1.3. Coñece e cumpre as normas establecidas para realizar as actividades da aula. | CSC | **50** | | | | | | **100** |
| | MUB1.2.1. Interpreta e memoriza un repertorio variado de cancións, pezas instrumentais e danzas cun nivel de complexidade en aumento. | CCEC<br>CSC | **50** | | **50** | **50** | | | |

| TRIM. | ESTANDAR DE APRENDIZAXE | COMPET. CLAVE | Grao Minimo Cons. | Escrita | Interpret. Indiv. | Interpret. Grupo | Rúbrica Proxecto | Rúbrica Informe | Obs. Aula |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | MUB1.3.1. Coñece e utiliza axeitadamente técnicas, recursos e procedementos compositivos para elaborar arranxos musicais, improvisar e compor música. | CD<br>CMCCT | **50** | | | | **50** | | **50** |
| | MUB1.3.2. Utiliza con autonomía recursos informáticos ao servizo da creación musical. | CD | **50** | | **50** | **50** | | | |
| | MUB1.4.1. Coñece e analiza o proceso seguido en diversas producións musicais (discos, programas de radio e televisión, cine, etc.) e o papel xogado en cada fase do proceso polos/as profesionais que interveñen. | CSC<br>CSIEE | **50** | | **50** | **50** | | | |
| | **Bloque 2: Escoita** | | | | | | | | |
| | MUB2.1.1. Analiza e comenta as obras musicais propostas, axudándose de diversas fontes documentais. | CMCCT<br>CCL<br>CSC | **50** | **75** | | | | | **25** |
| | MUB2.1.2. Le e analiza partituras como apoio á audición. | **CEC** | **50** | **75** | | | | | **25** |
| | MUB2.2.1. Analiza críticas musicais e utiliza un vocabulario axeitado para a elaboración de críticas orais e escritas sobre a música escoitada. | CCL<br>CCEC | **50** | **75** | | | | | **25** |
| | MUB2.4.1. Recoñece e compara os trazos distintivos de obras musicais, e descríbeo utilizando unha terminoloxía axeitada. | CCL<br>CCEC | **50** | | | | | | **100** |
| | MUB2.4.2. Sitúa a obra musical nas coordenadas de espazo e tempo. | CCEC<br>CSC | **50** | **75** | | | | | **25** |
| | MUB2.4.3. Amosa interese, respecto e curiosidade pola diversidade de propostas musicais, así como polos gustos musicais doutras persoas. | CSC<br>CCEC | **50** | | | | | | **100** |
| | MUB2.5.1. Amosa unha actitude crítica ante o papel dos medios de comunicación na difusión e na promoción da música. | CD<br>CSC | **50** | | | **25** | **50** | | **25** |
| | Bloque 3. Contextos musicais e culturais | | | | | | | | |
| | MUB3.2.2. Recoñece e explica as características básicas da música española e da música popular urbana. | CSC<br>CCEC | **50** | **75** | | | | | **25** |
| | MUB3.3.1. Elabora traballos de investigación nos que establece sinerxías entre a música e outras manifestacións artísticas. | CCL<br>CSC<br>CAA | **50** | **75** | | | | | **25** |
| | MUB4.4.1. Realiza traballos e exposicións ao resto do grupo sobre a evolución da música popular. | CAA<br>CSC<br>CCL | **50** | **75** | | | | | **25** |

| TRIM. | ESTANDAR DE APRENDIZAXE | COMPET. CLAVE | Grao Minimo Cons. | Escrita | Interpret. Indiv. | Interpret. Grupo | Rúbrica Proxecto | Rúbrica Informe | Obs. Aula |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | MUB4.4.2. Utiliza os recursos das novas tecnoloxías para expor os contidos de maneira clara. | CD | 50 | 75 | | | | | 25 |
| | **Bloque 4. Música e tecnoloxías** | | | | | | | | |
| | **MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízaas como ferramentas para a actividade musical.** | CD CCEC | 100 | | 40 | 50 | | | 10 |
| | **MUB4.1.2. Participa en todos os aspectos da produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías.** | CSC CSIEE | 100 | | 40 | 50 | | | 10 |
| | **MUB4.2.1. Utiliza con autonomía as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.** | CD CAA | 50 | | 60 | | | | 40 |

## 4.6 Metodoloxía didáctica.

### 4.6.1 Principio metodolóxicos.

A educación no ámbito musical do ensino secundario obrigatorio "quere ser unha canle que permita por en funcionamento a iniciativa, a sensibilidade e a creatividade do alumnado, estimular a creación dunha conciencia artística propia , ao mesmo tempo que desenvolver actitudes de valoración da liberdade de expresión, ao achegarse ás expresións musicais doutros pobos, o que contribúe ao fomento da sensibilidade e á ampliación do propio horizonte estético. A vía de consecución destes obxectivos é a través da audición, da interpretación e da creación propia e allea". A estes cabe engadir un: a lectura comprensiva, que ten como finalidade interiorizar conceptos e proporcionar un vocabulario axeitado.

Deste modo en cada tema da secuenciación propóñense actividades de tres tipos: audicións, interpretación musical, creación musical, actividades de investigación ou traballo de campo, e de comprensión lectora.

- Escoita. Mediante a escoita comprensiva oriéntase ao alumno cara á identificación dos elementos integrantes do decurso musical e a súa función dentro deste. A audición debe ser o punto de partida sobre o que se inicia a análise e a reflexión dos fenómenos musicais, con vistas a favorecer o desenvolvemento da capacidade de abstracción e reflexión.
- As audicións contidas nas diferentes actividades de cada un dos temas pretenden, en cada caso, dúas finalidades diversas: nunhas exemplificar o contido no texto e noutras extraer unha serie de características para situalas no seu espazo e tempo.
- Actividades de investigación. Están deseñadas para que o alumnado complete ou amplíe contidos relacionados con cada un dos Temas.
- Actividades de comprensión lectora. Ó final de cada tema atopamos unha serie de preguntas que se deben responder ao ler comprensivamente ó texto. Esta actividade destínase ós contidos conceptuais, e pode servir moi ben para plantexar as cuestións dun exame teórico. Nós recomendamos que o

alumno responda a estas preguntas antes de que o profesor realice a explicación do tema; desta forma o alumno obrigase a lelo previamente. A adquisición de conceptos e vocabulario depende fundamentalmente da lectura comprensiva. É imprescindible provocar nos alumnos o interese pola lectura como ferramenta imprescindible para a adquisición de coñecementos de todo tipo. É tamén importante valorar a necesidade de memorización de certos conceptos básicos para poder comprender á relación entre ideas e conceptos máis complexos. O noso proxecto preocúpase bastante por acadar que este procedemento se converta nun ha ferramenta habitual dos alumnos.

- Interpretación instrumental ou vocal. Mediante o desenvolvemento destas capacidades trátase de facilitar a consecución dun dominio básico de técnicas vinculadas ao canto, a interpretación instrumental individual e de grupo, e as que conducen ao movemento e a danza. As pezas que se interpretan e crean ao longo do curso presentan dúas finalidades: por unha banda perfeccionar as destrezas interpretativas adquiridas nos cursos precedentes e pola outra afianzar os contidos de cada tema. As expresións instrumental, vocal e corporal, que colaboran no desenvolvemento das capacidades motrices de equilibrio e coordinación. Estas deben empregarse apropiadamente dentro dos diferentes niveis da etapa, tendo en conta as características do alumnado. Non se trata de formar cantantes, instrumentistas ou bailaríns, senón que se pretende, a través dos procedementos citados, alcanzar unha mellor comprensión do feito musical ampliando a capacidade receptiva e potenciando a creación da futura audiencia, con capacidade crítica que necesita a actual sociedade.
- A creación. O desenvolvemento da creatividade baséase na improvisación, dende o máis simple esquema de pregunta resposta, (rítmica ou rítmico melódica), ata procesos compositivos máis complexos, empregando a expresión vocal, instrumental ou de movemento.

A interdisciplinariedade da música implica establecer relacións entre estas e outras áreas. A través deste procedemento o alumno poderá adquirir unha formación que lle permitirá valorar positivamente e criticamente as diferentes manifestacións musicais que lle ofrece a nosa sociedade.

A audición, o canto, a danza, o comentario de partituras, de textos e de críticas periodísticas; a investigación de campo, a elaboración de interpretación de mapas conceptuais, a utilización dos medios audiovisuais e novas tecnoloxías son, en xeral, esencias para a actividades diaria da aula de música.

Estes procedementos deberán ser apoiados con todo tipo de actividades complementarias e extraescolares, tales como asistencia a concertos e representacións de teatro musical, realización de audicións e concertos no centro e fóra del, etc.

### 4.6.2 Materiais y recursos didácticos.

Para o desenvolvemento da materia de música precisaranse os seguintes recursos e materiais:

1. Texto para 4º da ESO de elaboración propia.
2. Partituras axeitadas a distintos niveis.
3. Papel pautado.
4. Encerado pautado.
5. Encerado.
6. Teclado electrónico.
7. Instrumental Orff.
8. Reproductor de CD

9. Reproductor de DVD
10. Reproductor de VHS
11. Televisión.
12. Canón de vídeo e pantalla.
13. Material audiovisual.
14. Encerado dixital.
15. Miniportátiles.
16. Ordenador de mesa e impresora.
17. Ordenador portátil.
18. Conexión a internet.
19. Programa ENCORE.
20. Programa FINALE.

Todos estes recursos atópanse na aula de música e ademais solicitarase en diversos momentos do curso a aula de informática para desenvolver as actividades descritas no apartado correspondente as achegas ás TICs.

## 3.4. Procedementos de avaliación, cualificación e promoción.

### 4.7.1 Procedemento de avaliación inicial

A través da avaliación inicial na ESO chegaremos a coñecementos dos niveis, características e necesidades dos alumnos que nos permitirán planificar e programar actividades docentes, adoptar medidas de atención á diversidade e concretar a metodoloxía a empregar.

É necesario que exista un intercambio de opinións e información entre os membros do equipo educativo. Se debe atender aos posibles recursos e capacidades xerais e particulares dos alumnos, analizar as súas perspectivas e intereses e os seus potenciais.

Se realizará unha avaliación inicial ao principio de curso académico e unha avaliación ao principio de cada unidade didáctica.

No que respecta a avaliación ao principio do curso académico se levará a cabo en dúas sesións lectivas mediante os seguintes procedementos:

- Posta en común co alumnado dos seus intereses, coñecementos (no caso de que toquen algún instrumento ou realizan algunha actividade musical fóra do horario lectivo), e motivacións musicais.
- Pequena proba escrita conceptual con apartado de audición e discriminación auditiva. No caso de 2º da ESO moi básica para comprobar que lembran os conceptos básicos de primaria. E no caso de 3º e 4º da ESO baseada nos mínimos esixibles do anterior curso.
- Se propoñerá ademais a lectura e debate de un texto relacionado coa área .
- Por último en se propoñerá un pequeno exercicio musical para realizar en conxunto para anticipar as súas actitudes para levar a cabo actividades musicais de xeito grupal e anticipar o traballo na aula a este respecto.

Durante a sesión da avaliación inicial co resto dos profesores do grupo se intercambiará información de cada alumno de xeito individualizado e ademais no caso de 2º da ESO se solicitará información sobre a evolución ao longo da etapa primaria na área de música. Unha vez realizada esta avaliación inicial e dadas as características da mesma se tomarán as medidas adecuadas respecto á metodoloxía a empregar, as medidas de atención á diversidade, e a planificación de actividades docentes.

Ao principio de cada unidade didáctica se avaliarán os coñecementos previos, intereses, motivacións dos alumnos ao respecto dos temas a tratar. Se levarán a cabo mediante os procedementos de debate en clase e batería de preguntas a partir de unha idea proposta polo profesor. Esta avaliación inicial nos servirá para

concretar a metodoloxía didáctica, os recursos didácticos e a secuenciación de contidos previstos para cada unidade didáctica.

### 4.7.2 Procedemento de avaliación continua e ordinaria

Para avaliar os coñecementos adquiridos polo alumnado utilizaranse os seguintes procedementos:

1. Desenvolvemento oral o escrito das cuestións plantexadas ao final de cada tema.
2. Desenvolver as actividades propostas en cada tema. Destacamos especialmente as referidas á audicións, que presentan no noso proxecto grande variedade en plantexamento e obxectivos. En este bloque incorpórase tamén as que incorporan material audiovisual.
3. Realización de traballos de investigación a cerca de temas diversos (biografías, monográficos, etc..)
4. Realización de táboas a cerca dos diferentes contidos de cada tema
5. Realización de mapas, e gráficos.
6. Interpretación vocal e instrumental das pezas contidas nos apéndices.
7. Realización de coreografías a partir dun soporte musical orixinal ou non.
8. Desenvolver unha actitude correcta ao longo das clases.

Cada unha destas ferramentas pode realizarse individualmente ou en grupo.

### 4.7.3 Valoración dos coñecementos do alumnado.

**. Valoración dos coñecementos do alumnado.**

Para a valoración dos coñecementos dos alumnos utilizaranse os procedementos sinalados no epígrafe anterior agrupados en tres ámbitos: traballo persoal, coñecementos teóricos adquiridos e destreza interpretativa. Desta forma o profesor contará con tres cualificacións.

Para cualificar os **coñecementos teóricos** adquiridos realizarase unha proba escrita consistente en responder a varias cuestións plantexadas e respondidas no transcurso da explicación do tema. Esta proba cualificarase de 0 a 10. Esta proba terá lugar ao finalizar a explicación de cada tema. Cando se acade a cualificación de 4 non se precisa recuperar. A nota definitiva dos coñecementos teóricos será a media aritmética de tódolos temas abordados na avaliación sempre a cando en tódolos temas se acada unha nota igual o superior a 4. Con un tema con nota inferior a 4 a cualificación da avaliación será insuficiente. O final de cada avaliación realizarase un exame de recuperación que permita ós alumnos superar os temas que tiveran suspensos.

Cada **tarefa** solicitada entregada en tempo e forma obtirá un positivo. Estos traballos poderán obter cualificación de 0 a 10 e facer media cos custionarios teóricos de avaliación dos temas.

A destreza interpretativa cualificarase de 0 a 10. Se avaliará cada peza por separado e para superar a destreza interpretativa deberá acadarse en cada peza unha cualificación igual o superior a Regular. Con unha sola peza con unha cualificación inferior non se superará este apartado.

A nota da avaliación resultará da suma dos seguintes porcentaxes:

1. 30% Probas de interpretación.
2. 10 % Desenvolvemento e entrega das tarefas solicitadas.
3. 60 % corresponde á media aritmética dos cuestionarios de exame.

No caso de non realizar probas de destreza interpretativa o porcentaxe da nota final correspondente a este ámbito se suma aos 60% correspondente aos

cuestionarios de exame.

**4.7.4 Procedemento de avaliación final**

Só se convocaran á avaliación final aqueles alumnos/as con un ou máis temas suspensos. As características da proba serán por enteiro semellantes as anteriormente descritas: cuestionario a responder por escrito de cada un dos temas suspensos e audicións das pezas correspondentes a cada tema suspenso. Valorarase cada unidade por separado de 0 a 10; se fará media aritmética da cualificación por separado de cada un dos temas obxecto de avaliación e se resulta igual ou maior de 4 se ponderará coas cualificacións dos temas xa aprobados durante o curso para obter a cualificación final positiva.

**4.7.5 Procedemento de avaliación extraordinaria**

As características da proba serán por enteiro semellantes as anteriormente descritas: cuestionario a responder por escrito e audicións das pezas correspondentes a cada tema suspenso. Valorarase de 0 a 10; se resulta igual ou maior de 5 a cualificación final será positiva.

## 3.5. Recuperación e avaliación de pendentes.

Respecto aos alumnos que promocionan coa materia de música non superada se elaboraran os correspondentes programas de recuperación e específicos personalizados do seguinte xeito.

a) **Programa de recuperación:**
A realización do programa de recuperación está condicionada á disposición de horario por parte do profesorado integrante do departamento de música, pois consistirá en sesións presenciais en horario de tarde. Este programa inclúe dous procedementos: unha folla de recuperación e unha proba escrita. A folla de recuperación consiste nun cuestionario que o alumno/a terá que realizar ao longo do curso baixo a supervisión do profesorado que imparta as sesións de recuperación. As actividades contidas nesta folla de recuperación axustaranse aos contidos mínimos da materia pendente e dividirase en tres grupos, cada un deles a entregar ao longo das tres respectivas avaliacións. Para a recuperación da materia pendente o alumnado precisará obter unha cualificación global da folla de recuperación igual o superior a cinco. O alumnado que non asista aos programas

b) **Programas específicos:**
Este programa inclúe dous procedementos: unha folla de recuperación e unha proba escrita. A folla de recuperación consiste nun cuestionario que o alumno/a terá que realizar ao longo do curso baixo a supervisión do profesorado que imparta a materia de música no grupo en que estea integrado/a. As actividades contidas nesta Folla de Recuperación axustaranse aos contidos mínimos da materia pendente e dividirase en tres grupos, cada un deles a entregar ao longo das tres respectivas avaliacións. Coa realización desta folla no calendario establecido o alumnado poderá acadar ata un 60 % da cualificación; a porcentaxe restante dependerá da realización dunha proba escrita. De non realizar a folla de recuperación o cualificación dependerá totalmente do resultado da proba escrita.

### 3.6. Medidas de atención á diversidade.

Partindo das diversas actitudes de cada discente presenta en relacións coas diferentes manifestacións do fenómeno musical, obríganos a empregar estratexias metodolóxicas variadas, que favorezan e permitan un concreto ritmo de aprendizaxe

en cada persoa, partindo da súa actitude e interese. Para iso, o profesorado deberá contar cos recursos materiais axeitados,así como coa posibilidade de realizar agrupamentos flexibles dentro da aula, ben sexa durante a realización de traballos grupais como durante a interpretación musical.

### 3.7. Elementos transversais.

### 4.10.1 Proxecto lector.

A contribución da materia de música ao Proxecto Lector do centro desenvolverase de a cordo cos seguintes procedementos e utilizará os recursos que se enumeran a seguir:

**a) Procedementos.**

O departamento de Música deste entro contribuirá ao desenvolvemento das destrezas lectoras do alumnado mediante dúas estratexias complementarias que denominamos xeral e específica.

Estratexia xeral.

O desenvolvemento dos contidos de cada unidade didáctica iniciarase mediante un proceso de comentario do texto consistente na lectura interiorizada e a resposta a un cuestionario acerca do contido do mesmo. Este cuestionario será o mesmo que servirá para avaliar os contidos conceptuais. Unha vez que o alumnado subliña as respostas atopadas, procederase á corrección das mesmas; esta corrección incluirá a lectura en voz alta dos fragmentos do texto correspondentes ás respostas correctas. Cando se precise deseñarase un esquema conceptual para maior claridade da estrutura e das ideas do texto.

Estratexia específica..

A aula de música disporá dunha selección de textos de diverso xénero (ensaio, novela, dramatizado) vencellado coa materia dos diferentes niveis. O tratamento destes iniciarase coa lectura en voz alta dos mesmos e a continuación desenvolverase un procedemento semellante ao descrito no parágrafo precedente.

**b) Recursos.**

Ademais dos textos das unidades didácticas correspondentes a cada curso utilizaranse dispoñible gratuitamente de xeito electrónico ou da biblioteca do centro.

### 4.10.2 Aportación ás TICs do Departamento da Música.

**Achegas ás TICs do Departamento da Música.**

Como expón o Plan de Integración das TICs deseñado para este centro, todos os departamentos vense implicados e comparten neste ámbito os contidos e obxectivos expresados no mesmo. A continuación se delimitan os materiais e procedementos que permitirán desenvolver este Plan de Integración do ámbito da materia de Música.

**c) Procedementos.**

As actividades deseñadas para desenvolver as TICs deberán ser realizadas en grupo e son as seguintes:

a) Selección nos medios audiovisuais dos que dispoña o alumnado de anuncios publicitarios e gravación dos mesmos para o seu análise na aula. Esta actividade está vencellada coa Unidade didáctica Tema 3 de 3º ESO.
b) Realización dun dicionario biógráfico de compositores. Nesta actividade presenta dous partes: busca de información en internet e a posterior realización dun arquivo de texto (tipo Word) onde se organicen alfabeticamente os datos atopados. Esta actividade desenvolverase na aula de informática en tres sesións lectivas. As dúas primeiras sesións dedicaranse a atopar en internet unha imaxe e unha breve biografía de cada un dos nomes dun listado de compositores proporcionado polo profesor; a terceira sesións dedicarase a ordear alfabeticamente e dar forma nun documento word os datos atopados. Esta actividade está vencellada coa Unidade didáctica Tema 1 de 3º ESO.
c) Realización dun Power Point con imaxes para acompañar a interpretación dunha composición musical. A clase dividirase en grupos e a cada un deles asignarase unha composición. Deberan atopar imaxes relacionadas co desenvolvemento da composición de xeito que a proxección secuenciada das mesmas permita enfatizar a percepción da mesma. Realizarase en catro sesións: durante as dúas primeiras buscaranse as imaxes; na terceira prepararase o Power Point e na terceira visualizarase xunto coa audición da composición asignada. Esta actividade está vencellada coa unidade didáctica Tema 1 de 4º da ESO.
d) Introdución á informática musical: secuenciadores e procesadores MIDI. (Só para 4º de ESO). Unha vez explicado o funcionamento dos programas ENCORE e FINALE, o alumnado copiará partituras utilizando este programa. Desenvolverase en seis sesións: na primeira o profesor.

d) **Recursos.**

As actividades b, c e d descritas no epígrafe anterior desenvolveranse na ula de Informática o que precisa coordinarse có Departamento de Tecnoloxía. A actividade a precisará dos medios audiovisuais dos que dispoña o alumnado; a última sesión da mesma terá lugar na aula de música.

### 3.8. Actividades complementarias e extraescolares.

As actividades complementarias deseñaranse de acordo cos contidos de cada un dos tres cursos da ESO nos que se imparte a materia de música. Estas actividades son obrigatorias.

### 3.9. Avaliación do proceso de ensino da práctica docente.

**INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO**

1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe
3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado
7.- Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender al alumnado con NEAE
8.- Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender al alumnado con NEAE

9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado
10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación
11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula
12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo

**INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE**

1.- Como norma xeral fanase explicacións xerais para todo o alumnado
2.- Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa
3.- Elabóranse actividades atendendo á diversidade
4.- Elabóranse probas de avaliación adaptadas para o alumnado con NEAE
5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar
6.- Combínase o traballo individual e en equipo
7.- Poténcianse estratexias de animación á lectura
8.- Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita
9.- Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe
10.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar
11.- Ofrécese ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos,etc
12.- Analízanse e coméntase co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc
13.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros
14.- Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación
15.- Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas
16.- As medidas de apoio, reforzo, etc están claramente vinculadas aos estándares
17.- Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,..

### 3.10. Avaliación da programación didáctica.

**INDICADORES DE LOGRO**

1.- Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo
2.- Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas/temas/proxectos
3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización previstas
4.- Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos
5.- Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar
6.- Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación
7.- Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación
8.- Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver
9.- Fixación duna estratexia metodolóxica común para todo o departamento
10.- Adecuación da secuencia de traballo na aula
11.- Adecuación dos materiais didácticos utilizados
12.- Adecuación do libro de texto
13.- Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias do mesmo
14.- Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares
15.- Adecuación das pautas xerais para a avaliación continua: probas, traballos, etc.
16.- Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación

17.- Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final
18.- Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria
19.- Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes
20.- Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes
21.- Adecuación dos exames tendo en conta o valor de cada estándar
22.- Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares
23.- Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE
24.- Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas
25.- Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de aval., estándares e instrumentos
26.- Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción
27.- Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso
28.- Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro
29.- Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia

# 5. PROGRAMACIÓN ARTES ESCÉNICAS E DANZA 4º ESO

## 5.1. Introdución

A materia de Artes Escénicas e Danza debe dotar o alumnado de coñecementos, técnicas e procedementos que lle permitan expresarse e crear artisticamente a través das linguaxes do teatro e a danza. Para tal fin, os alumnos e as alumnas deben comprender e interpretar diferentes linguaxes escénicas, así como o devir da historia do teatro e da danza ao longo dos séculos; saber mirar as artes escénicas e a danza, comprender a súa importancia e verificar os cambios xurdidos no seu desenvolvemento; constatar e valorar a creación artística cando se pon ao servizo dunha arte específica, como a danza e o teatro; e xerar argumentos nos que se fundamente tanto o camiño percorrido polas artes escénicas e a danza como o seu espazo de apoio para unha formación integral: física, estética e cultural.

Doutra banda, é indispensable que o alumnado tome conciencia dos seus recursos expresivos e os desenvolva na práctica, mediante a exploración dos compoñentes do movemento (corpo, espazo, tempo, enerxía e interrelación); o desenvolvemento da súa capacidade de concentración, relaxación e autoconciencia corporal; a procura de niveis óptimos de equilibrio psicofísico; a aplicación do imaxinario na modelaxe da súa conduta; a estimulación das súas habilidades comunicativas; a vivencia e a recreación de situacións dramáticas diversas; a exploración dos seus recursos no terreo da oralidade; e o desenvolvemento da sensibilidade rítmica e melódica a nivel corporal e vocal.

É de importancia para a formación do alumnado o coñecemento dos grandes cambios xurdidos nas artes escénicas e na danza. Os alumnos e as alumnas deberán ser conscientes de como as ideas subxacentes baixo as formas visibles (coreografías; danzas populares, preclásicas, clásicas e contemporáneas; decorados; bosquexos; figurinos; edificios teatrais e espazos para a representación; textos dramáticos; postas en escena, etc.) configuraron múltiples xeitos de construír e realizar as artes escénicas e a danza. Tamén deberán entender, xa que logo, cada sociedade e cada época; comprender e saber que o interese da materia reside tanto en experimentar o potencial expresivo e creativo persoal como en entender o modo en que diferentes aspectos da creación foron modificados por circunstancias históricas, culturais, rituais, ambientais, técnicas, estilísticas ou simbólicas que cada pobo vai incorporando como expresión da súa forma de sentir e de pensar.

A materia permite ir descubrindo cos alumnos e coas alumnas, a través da súa propia experiencia, o desenvolvemento das súas capacidades artísticas creativas e interpretativas, estudando, así, os aspectos teóricos e prácticos da materia. O cúmulo de referentes e a bagaxe formativa deben, finalmente, capacitar o alumnado para poder afrontar o seu traballo con maior resolución, podendo facer propostas máis brillantes e admitir diferentes interpretacións, ao mellorar as súas potencialidades e ao incrementar a súa percepción, observación, memorización e concentración, fomentando, así, a mellora da propia imaxe e a configuración da súa personalidade.

Trátase, en esencia, de contribuír á formación integral do alumnado e ao enriquecemento do seu acervo cultural, ensinándolle a apreciar tanto a beleza das obras, dos espectáculos e das montaxes que ilustraron culturas pasadas como as que sustentan o noso século: o conxunto dun legado que, á súa vez, deberán transmitir.

Estrutúrase esta materia en catro bloques: "Común", "Teatro", "Danza" e "Outras artes escénicas.

### 5.2 Concreción dos Obxectivos

Obj.AED.1. Aproximarse á adquisición de coñecementos dos conceptos básicos das artes escénicas.

Obj.AED.2. Comprender as características básicas das diferentes formas de representación escénica nas súas diferentes posibilidades de materialización.

Obj.AED.3. Potenciar o estudo crítico da realidade artística e cultural, mediante procesos de busca e análise da información, analizando as diversas manifestacións da teatralidade e da danza.

Obj.AED.4. Coñecer autores e obras fundamentais do xénero teatral en Occidente en España e en Galicia.

Obj.AED.5. Promover o traballo en grupo, favorecendo o coñecemento e a comprensión da propia identidade persoal e allea, a través dos procesos de expresión, creación e comunicación propios das artes escénicas e da danza.

Obj.AED.6. Desenvolver as capacidades, habilidades e destrezas expresivas, creativas e comunicativas propias a partires do traballo individual e grupal, memorizando monólogos ou diálogos significativos, e practicando exercicios de danza diversos.

Obj.AED.7. Utilizar as artes escénicas para mostrar, individual e colectivamente, sentimentos, pensamentos e ideas.

Obj.AED.8. Recoñecer e utilizar, con rigor artístico e coherencia estética, as múltiples formas de producir, recrear e interpretar a acción escénica e a danza, e participar na realización e representación de espectáculos escénicos e de danza.

Obj.AED.9. Desenvolver a capacidade crítica para valorar producións escénicas tendo en conta os seus presupostos artísticos e o contexto social, económico e cultural, fomentando as cualidades dun futuro bo espectador.

Obj.AED.10. Valorar e desfrutar das artes escénicas, e en especial do teatro e a danza, como modos de expresión e comunicación e como manifestacións do patrimonio artístico e cultural común.

### 5.3 Concreción dos Contidos, Criterios de Avaliación, Estándares de Aprendizaxe e Competencias Clave.

| Artes Escénicas e Danza. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|
| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| Bloque 1. Común | | | |
| **1.** B1.1. Concepto e tipoloxía das artes escénicas: ópera, teatro e danza.<br>**2.** B1.2. Historia da ópera. | B1.1. Expor de forma crítica a opinión persoal respecto da función das artes escénicas (danza, teatro, circo, ópera, etc.) e a súa importancia como medio de expresión de | AEDB1.1.1. Coñece e explica a función da danza, o teatro e outras artes escénicas en situacións e contextos diversos (actos da vida cotiá, espectáculos, medios de comunicación, etc.). | CCEC<br>CSC |

| Artes Escénicas e Danza. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|
| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| **3.** B1.3. Teatro musical.<br><br>**4.** B1.4. Historia do teatro e da danza.<br><br>**5.** B1.5. Teatro e danza en Europa, España e Galicia.<br><br>**6.** B1.6. Elementos básicos da ficción escénica. | sentimentos, emocións, ideas e sensacións. | AEDB1.1.2. Reflexiona sobre as artes escénicas e a danza como un medio de intervención e transformación da realidade e da conciencia social. | CCEC<br>CAA |
| **7.** B1.7. Tradicións escénicas: oriente e occidente.<br><br>**8.** B1.4. Historia do teatro e da danza.<br><br>**9.** B1.5. Teatro e danza en Europa, España e Galicia.<br><br>**10.** B1.8. A ópera en Europa, España e Galicia. | B1.2. Apreciar a importancia do legado das artes escénicas, e comprendelas. | AEDB1.2.1. Valora o legado ea súa comprensión. | CAA<br>CCEC |
| **11.** B1.9. Beneficios da práctica da danza e o teatro para o desenvolvemento integral das persoas e para a mellora da saúde.<br><br>**12.** B1.10. A exploración do corpo e do movemento como instrumentos expresivos. | B1.3. Explicar o papel da danza e do teatro para a mellora da saúde física e psíquica a través da súa propia experiencia. | AEDB1.3.1. Recoñece e aplica os beneficios experimentados que achegan a danza e o teatro á saúde física e psíquica. | CMCCT<br>CD |
| **13.** B1.1. Concepto e tipoloxía das artes escénicas: ópera, teatro e danza. | B1.4. Realizar unha reflexión sobre os espectáculos de danza, teatro e outras artes escénicas. | AEDB1.4.1. Analiza e comenta os espectáculos de danza, teatro e outras artes escénicas aos que se asistiu, en relación cos contidos estudados. | CCEC<br>CSIEE |
| **14.** B1.11. Ferramentas de expresión corporal, xestual oral e rítmico-musical.<br><br>**15.** B1.10. Exploración do corpo e do movemento como instrumentos expresivos.<br><br>**16.** B1.6. Elementos básicos da ficción escénica. | B1.5. Desenvolver capacidades e destrezas lingüísticas orais e escritas, non verbais, xestuais e mímicas que aumenten o acervo expresivo e o repertorio comunicativo. | AEDB1.5.1. Demostra riqueza comunicativa verbal e non verbal. | CCL |
| | | AEDB1.5.2. Entende as artes escénicas e a danza como un espazo activo de escoita e de diálogo, procurando modos de expresión máis aló da palabra. | CSC<br>CCEC |
| **17.** B1.10. Exploración do corpo e do movemento como instrumentos expresivos. | B1.6. Xerar recursos para desenvolver un maior coñecemento de si mesmo/a e unha personalidade autónoma e independente. | AEDB1.6.1. Amosa interese por construír unha personalidade autónoma e independente. | CAA |
| Bloque 2. Teatro | | | |
| B2.1. Paradigmas e escolas de interpretación. | B2.1. Explicar os estilos e as formas de teatro: textual, xestual, de obxectos, musical e | AEDB2.1.1. Recoñece e describe as características dos estilos e das formas de danza e de teatro. | CCEC<br>CD |

| Artes Escénicas e Danza. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|
| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| B2.2. Estrutura dramática: situación, personaxe, obxectivo, conflito e acción.<br>B2.3. Deseño dun espectáculo: equipos, fases e áreas de traballo.<br>B2.4. Oficios da práctica escénica: dirección escénica, dramaturxia, escenografía, interpretación, iluminación, indumentaria, caracterización, espazo sonoro e atrezzo. | lírico. | | |
| B2.5. Técnicas de interpretación e improvisación.<br>B2.6. Técnica vocal: respiración, colocación, apoio e articulación.<br>B2.7. Expresión oral: expresión e ritmo en prosa e en verso.<br>B2.3. Deseño dun espectáculo: equipos, fases e áreas de traballo. | B2.2. Interpretar nun espazo escénico unha peza teatral onde se valoren as destrezas e as habilidades adquiridas. | AEDB2.2.1. Aplica as habilidades técnicas necesarias nas actividades de interpretación dun repertorio variado de teatro en grupo, incorporando a expresión xestual, oral e cinética, e desenvolvendo unha partitura escénica. | CSC<br>CSIEE |
| | | AEDB2.2.2. Coñece e escenifica os estilos e as técnicas escénicas que fomentan o autocoñecemento, a creatividade, a emoción e a conciencia corporal. | CCEC<br>CAA |
| | | AEDB2.2.3. Colabora co grupo e respecta as regras fixadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades. | CSC<br>CSIEE |
| B2.5. Técnicas de interpretación e improvisación.<br>B2.2. Estrutura dramática: situación, personaxe, obxectivo, conflito e acción.<br>B2.6. Técnica vocal: respiración, colocación, apoio e articulación.<br>B2.7. Expresión oral: expresión e ritmo en prosa e en verso.<br>B2.4. Os oficios da práctica escénica: dirección escénica, dramaturxia, escenografía, interpretación, iluminación, indumentaria, caracterización, espazo sonoro e atrezzo. | B2.3. Demostrar a capacidade para improvisar unha secuencia de movementos, libres ou cun fin determinado e valorar a importancia da improvisación teatral. | AEDB2.3.1. Utiliza con rigor os elementos e as calidades do movemento na improvisación teatral. | CCEC<br>CAA |
| | | AEDB2.3.2. Utiliza a improvisación como medio para explorar a situación, o conflito, o personaxe e a acción. | CCL<br>CAA |
| | | AEDB2.3.3. Utiliza a improvisación como técnica de creación dramática e teatral | CAA<br>CCEC |
| B2.7. Expresión oral: expresión e ritmo en prosa e en verso.<br>B2.3. Deseño dun espectáculo: equipos, fases e áreas de traballo.<br>B2.4. Oficios da práctica escénica: dirección escénica, dramaturxia, escenografía, interpretación, iluminación, indumentaria, caracterización, espazo sonoro e atrezzo. | B2.4. Integrarse en dinámicas de grupo creativas que fomenten un comportamento social, solidario, tolerante, responsable e asertivo que lle axude a superar inhibicións, medos e obstáculos comunicativos. | AEDB2.4.1. Participa en las actividades de grupo. | CSC<br>CSIEE |
| | | AEDB2.4.2. Interpreta e memoriza un repertorio variado de teatro en grupo. | CAA<br>CMCCT |
| Bloque 3. Danza | | | |
| B3.1. Descrición e análise das formas e os estilos de danza.<br>B3.2. Paradigmas e escolas de danza.<br>B3.3.Técnicas de danza | B3.1. Explicar os estilos (clásica, moderna, española e baile flamenco) e as formas de danza (étnicas e populares), en función da historia e das especialidades educativas. | AEDB3.1.1. Recoñece, clasifica e sitúa no tempo, na cultura e no estilo as danzas e os espectáculos vistos previamente na aula. | CCEC<br>CCL<br>CD |

| Artes Escénicas e Danza. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|
| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| B3.4. Aliñamento e coordinación corporal.<br>B3.5. Relación coa gravidade e enerxía do movemento.<br>B3.6. O corpo no espazo: traxectoria, desprazamento e foco.<br>B3.7. Musicalidade e precisión rítmica.<br>B3.8. Calidades e dinámicas do movemento.<br>B3.9. Estruturas coreográficas | B3.2. Interpretar en grupo danzas a través da aprendizaxe de coreografías, memorizadas e ensaiadas ao longo do curso. | AEDB3.2.1. Interpreta e memoriza un repertorio variado de danzas en grupo. | CAA<br>CMCCT |
| | | AEDB3.2.2. Integra pautas de conciencia corporal e de control de movemento traballadas na aula. | CAA<br>CCEC |
| B3.4. Aliñamento e coordinación corporal.<br>B3.5. Relación coa gravidade e enerxía do movemento.<br>B3.6. O corpo no espazo: traxectoria, desprazamento e foco.<br>B3.7. Musicalidade e precisión rítmica.<br>B3.8. Calidades e dinámicas do movemento.<br>B3.10. Exploración de formas de movemento propias a través da improvisación libre.<br>B3.11. Técnicas de improvisación. Improvisación pautada.<br>B3.12. Composición coreográfica. | B3.3. Demostrar a capacidade para improvisar unha secuencia de movementos, libres ou cun fin determinado, e valorar a importancia da improvisación en danza. | AEDB3.3.1. Utiliza con rigor os elementos e as calidades do movemento na improvisación da súa danza. | CCEC<br>CAA |
| | | AEDB3.3.2. Elabora e presenta con rigor e precisión pequenas estruturas coreográficas, en grupos pequenos, medianos e grandes. | CAA<br>CCL<br>CSIEE |
| Bloque 4. Outras artes escénicas | | | |
| B4.1. Espectáculos escénicos: circo, espectáculos musicais e performance.<br>B4.2. Creación e difusión de produtos escénicos en Galicia.<br>B4.3. Importancia da música cinematográfica, publicitaria e de ambientación. A danza no cine. | B4.1. Explicar as características doutras artes escénicas, a súa evolución ao longo da historia e o seu papel na sociedade. | AEDB4.1.1. Recoñece e describe as artes escénicas e as súas manifestacións. | CCL<br>CAA<br>CSIEE |
| | | AEDB4.1.2. Recoñece e diferencia as artes escénicas no seu conxunto, en función das súas características específicas e singulares. | CCEC<br>CAA |

## 5.4 Concreción para cada estándar de Aprendizaxe na Temporalización, a Contribución ao Desenvolvemento das Competencias Clave, o grado mínimo para superar a materia.

| TRIM. | ESTANDAR DE APRENDIZAXE | COMPET. CLAVE | Grao Minimo Cons. | Escrita | Interpret. Indiv. | Interpret. Grupo | Rúbrica Proxecto | Rúbrica Informe | Obs. Aula |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Bloque 1. Común | | | | | | | | |
| | AEDB1.1.1. Coñece e explica a función da danza, o teatro e outras artes escénicas en situacións e contextos diversos (actos da vida cotiá, espectáculos, medios de comunicación, etc.). | CCEC<br>CSC | 50 | 80 | | | | | 20 |
| | AEDB1.1.2. Reflexiona sobre as artes escénicas e a danza como un medio de intervención e transformación da realidade e da conciencia social. | CCEC<br>CAA | 50 | 80 | | | | | 20 |
| | AEDB1.2.1. Valora o legado do patrimonio artístico español, comprendendo a importancia da súa preservación e transmisión. | CAA<br>CCEC | 50 | 80 | | | | | 20 |
| | AEDB1.2.1. Valora o legado do patrimonio artístico español, comprendendo a importancia da súa | CAA<br>CCEC | 50 | | 50 | 50 | | | |

| TRIM. | ESTANDAR DE APRENDIZAXE | COMPET. CLAVE | Grao Minimo Cons. | Escrita | Interpret. Indiv. | Interpret. Grupo | Rúbrica Proxecto | Rúbrica Informe | Obs. Aula |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | preservación e transmisión. | | | | | | | | |
| | AEDB1.5.1. Demostra riqueza comunicativa verbal e non verbal. | CCL | 50 | | | | | | |
| | AEDB1.5.2. Entende as artes escénicas e a danza como un espazo activo de escoita e de diálogo, procurando modos de expresión máis aló da palabra. | CSC CCEC | 50 | | 50 | 50 | | | |
| | AEDB1.6.1. Amosa interese por construír unha personalidade autónoma e independente. | CAA | 50 | | 50 | 50 | | | |
| | Bloque 2: Teatro | | | | | | | | |
| | AEDB2.1.1. Recoñece e describe as características dos estilos e das formas de danza e de teatro. | CCEC CD | 50 | 75 | | | | | 25 |
| | AEDB2.2.1. Aplica as habilidades técnicas necesarias nas actividades de interpretación dun repertorio variado de teatro en grupo, incorporando a expresión xestual, oral e cinética, e desenvolvendo unha partitura escénica. | CSC CSIEE | 50 | | | 75 | | | 25 |
| | AEDB2.2.2. Coñece e escenifica os estilos e as técnicas escénicas que fomentan o autocoñecemento, a creatividade, a emoción e a conciencia corporal. | CCEC CAA | 50 | 75 | | | | | 25 |
| | MUB2.4.1. Recoñece e compara os trazos distintivos de obras musicais, e descríbeo utilizando unha terminoloxía axeitada. | CCL CCEC | 50 | | | | | | 100 |
| | AEDB2.2.3. Colabora co grupo e respecta as regras fixadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades. | CSC CSIEE | 50 | | | | | | 100 |
| | MUB2.4.3.Amosa interese, respecto e curiosidade pola diversidade de propostas musicais, así como polos gustos musicais doutras persoas. | CSC CCEC | 50 | | | | | | 100 |
| | AEDB2.3.1. Utiliza con rigor os elementos e as calidades do movemento na improvisación teatral. | CCEC CAA | 50 | | 50 | 50 | | | |
| | Bloque 3.: Danza | | | | | | | | |
| | AEDB3.1.1. Recoñece, clasifica e sitúa no tempo, na cultura e no estilo as danzas e os espectáculos vistos previamente na aula. | CCEC CCL CD | 50 | 75 | | | | | 25 |
| | AEDB3.2.1. Interpreta e memoriza un repertorio variado de danzas en grupo. | CAA CMCCT | 50 | | | 75 | | | 25 |
| | AEDB3.2.2. Integra pautas de conciencia corporal e de control de movemento traballadas na aula. | CAA CCEC | 50 | | | 75 | | | 25 |
| | AEDB3.3.1. Utiliza con rigor os elementos e as calidades do | CCEC CAA | 50 | | | 75 | | | 25 |

| TRIM. | ESTANDAR DE APRENDIZAXE | COMPET. CLAVE | Grao Minimo Cons. | Escrita | Interpret. Indiv. | Interpret. Grupo | Rúbrica Proxecto | Rúbrica Informe | Obs. Aula |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | movemento na improvisación da súa danza. | | | | | | | | |
| | Bloque 4: Outras Artes Escénicas | | | | | | | | |
| | AEDB4.1.1. Recoñece e describe as artes escénicas e as súas manifestacións. | CCL CAA CSIEE | 100 | | 40 | 50 | | | 10 |
| | AEDB4.1.2. Recoñece e diferencia as artes escénicas no seu conxunto, en función das súas características específicas e singulares. | CCEC CAA | 100 | | 40 | 50 | | | 10 |

## 5.5. Procedementos de avaliación, criterios de cualificación e instrumentos de avaliación.

Ao tratarse dunha materia fundamentalmente práctica teranse en conta os seguintes aspectos á hora de cualificar:
A **cualificación** obterase mediante media ponderada das actividades de expresión corporal-danza (**30%**), expresión oral (**30%**), expresión escrita (**10%**) e contidos teóricos: caderno de aula (**10%**), exposición oral en equipo dun aspecto do currículo (**10%**). A observación directa na aula: realización de tarefas, actitude, traballo en equipo, etc. (**10%**).

A materia preséntase como un **obradoiro** no que todos os exercicios propostos se centran na preparación e posta en escena dunha obra de teatro. Por iso, a cualificación final farase a partir dunha **media ponderada** coas seguintes porcentaxes: 25% para a primeira avaliación, 25% para a segunda e 50% para a terceira.

Aprobarán a materia sempre e cando acaden un 5.

Aqueles alumnos que non teñan superada a materia ao facer a media ponderada das avaliacións, realizarán as **actividades de recuperación no mes de xuño**. Estas actividades combinarán a parte práctica (representación dunha escena. 75% da nota) coa parte teórica (proba o traballo escrito. 25% da nota).

Aprobarán a materia sempre e cando acaden un 5.

No período comprendido ente a 3ª avaliación e a avaliación ordinario se propoñerán **actividades para aqueles alumnos que teñan superada a materia**: dramatización de escenas, coreografías grupais ou creación de monólogos e escenas teatrais breves. Con estas actividades pódese aumentar a nota final ata 1 punto.

Neste curso 2022/2023 o Departamento de Música continúa colaborará con outros departamentos: Departamento de Lingua Castelá e Lingua Galega, que consiste en esixir ao alumnado unha boa presentación nos escritos e unha ortografía correcta, podendo baixar un 0,1 por cada falta de ortografía nos exames escritos, e ata 0,25 por unha mala caligrafía ou unha pésima presentación. Baixarase ata un máximo de 1 puntos da nota do exame.

## 5.6 Criterios mínimos de avaliación

- Aproximarse á danza e aos seus distintos estilos de xeito teórico e práctico,
- Coñecer as principias características do teatro e aprender a súa historia.
- Valorar a importancia do movemento e da voz.
- Coñecer aos autores e as obras máis importantes do teatro.
- Sinalar a importancia do teatro musical español.
- Achega á opera.
- Importancia da improvisación.
- Valorar o traballo en equipo na posta en escena da obra final.

### 5.7. Metodoloxía

Para acadar estes obxectivos marcados e impartir estes contidos, ademais dos apuntes proporcionados pola profesora que se subirán á aula virtual, visualizaremos en cada tema mediante exemplos os contidos explicados, e realizaranse exercicios exemplificativos dos contidos que se están a explicar. Todos os contidos explicados, aplicaranse á práctica corporal e vocal.

A materia impartirase no Salón de Actos e será preciso que os alumnos asistan con roupa cómoda.

Acompañaranse estas explicacións dalgún visionado de DVD e VHS para chegar a entender determinados conceptos e realizaranse actividades TIC, que neste curso 2022/2023 consistirán fundamentalmente nalgúns exercicios interactivos, a frecuente utilización de internet para traballar nos grupos e tarefas na aula virtual.

Como actividades extraescolares (fóra do centro escolar) quedarán pendentes de definir saídas a obras teatrais ou outras actividades que poidan axudar ao alumnado á comprensión dos contidos e á apreciación da música como medio de expresión e de manifestación artística.

### 5,8 Materiais e recursos

O Salón de Actos dispón de ordenador cos seus altofalantes, proxector e conexión a internet. Todo o material necesario e as ligazóns de interese subiranse á aula virtual.

## 5.9 Medidas de atención á diversidade

No que compete á diversidade se partirá de unha filosofía de aprendizaxe construtivo. Se partirá dos coñecementos previos dos alumnos e alumnas e a partir de aí se incidirá nos novos contidos. En todo momento se respectará á diversidade tentando partir da individualidade de cada un dos educandos.

En esta materia debido ás súas características incidirase na flexibilidade no que respecta á parte practica para que as distintas agrupacións que fagamos sexan acordes co que precisa aprender cada alumno e lumna.

Se tratará tamén de adaptar a materia ó que máis precisa cada un .En música ás veces hai alumnos que estudan en escolas de música mesturados con algúns que recibiron ó longo da súa infancia unha formación moi leve, pois se trata de que todos aprendan ,e entón á hora de facer unha montaxe musical, se repartirán as liñas musicais a executarse atendendo á diversidade .De este xeito se inclúe o reforzo e a ampliación de un xeito solapado. No caso de que haxa un alumno que ten especial

dificultade para a realización de unha peza se lle adxudicará unha liña de menor dificultade ou se lle fará un arranxo sobre a que lle corresponde, e o contrario, se un alumno manexa a obra completamente se lle fará un arranxo ampliando a súa execución.

Hai que matizar que o tocaren todos xuntos se senten parte de un traballo en grupo, e isto fai que eles se esforcen o máximo posible polo ben da sonoridade do conxunto e este feito e xa un medida de atención á diversidade.

No que respecta á práctica instrumental os papeis executores de cada un dos educandos irán variando en cada unha das novas obras que interpretemos segundo a evolución no aprendizaxe do alumno tentando que todos e cada un de eles acaden en certo momento un protagonismo no conxunto de todo o repertorio proposto durante o ano lectivo.

Na materia de música se inclúe o apartado da improvisación que favorece a diversidade porque cada alumno improvisará de acordo as súas capacidades non deixando de ser importante para a sonoridade do conxunto.

No caso de haber alumnos estranxeiros se incluirá repertorio da súa nacionalidade para favorecer á súa integración.

Nos aspectos onde a materia e máis teórica se trata tamén de adaptar contidos para o correcto funcionamento da aprendizaxe incorporando en cada unidade didáctica medidas de reforzo e ampliación .

## 19. TEMAS TRANSVERSAIS

Na materia de Artes Escénicas trátanse varios temas transversais:

f) **Educación ambiental**. Este tema transversal abrangue varios contidos impartidos na primeira avaliación: son, ruído e silencio (a súa diferenciación e as ondas producidas por cada un deles así coma os decibelios producidos), altura, frecuencias e as ondas impartidos tamén na primeira avaliación e a contaminación ambiental acústica, impartido na terceira avaliación.

g) **Educación para o consumidor**. Este tema tratarase fundamentalmente na segunda avaliación co tema “música nos medios de comunicación”: radio, TV, BSO,… O que se pretende neste tema é ensinar ao alumnado a unha escoita activa e indiscriminada de todos os estilos musicais, a elaborar xuízos e criterios persoais, mediante unha análise crítica dos diferentes usos sociais da música, sexa cal sexa a súa orixe, aplicándoos con autonomía e iniciativa as situación cotiás e valorando a súa contribución á vida persoal e á da comunidade.

h) **Educación cívica e moral.** Este tema correspóndese cos criterios de avaliación: respectar a todos os membros da comunidade escolar, coidar o material utilizado na aula: instrumentos Orff, libros, frauta, respectar o traballo dos demais e o propio,…

i) **Educación para a igualdade entre sexos**. En cursos anteriores o Departamento participou en varios proxectos de innovación educativa: Plan Valora Igualdade e Plan Valora Lecer. O Departamento continúa traballando nesta liña de valores proporcionando ao alumnado actividades relacionadas co tema da igualdade social entre os dous sexos. As actividades realizadas dende o Departamento son: escoita activa de cancións onde se fale dos malos tratos, dunha visión negativa da muller polo feito de ser muller, da relación entre dúas persoas do mesmo sexo etc. Outra actividade é a composición de cancións que traten algún destes temas.

# 4. GLOSARIO.

CONCEPTOS CLAVE ( Orde OCD 65/2015 (BOE 29/1/2015)

| | |
|---|---|
| Desenvolvemento curricular | 2ª nivel de planificación curricular. Elabora e revisa a CCP. Aproba o Claustro. Inclúese no PE |
| Programacións didácticas | 3º nivel de planificación. Realizada polos departamentos didácticos |
| Programación de aula | 4º nivel de planificación. Realizada polo profesorado. |
| Programación didáctica | Instrumento de planificación curricular específico de cada área que pretende ordenar o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado.Debe responder a estas cuestións: 1.- Que, cando e como ensinar / 2.- Que, cando e como avaliar / 3.- Como atender á diversidade |
| Criterios de avaliación | Son os que deben servir de referencia par valorar o que o alumno sabe e sabe facer en cada área/materia. Desglósanse en estándares |
| Estándares de aprendizaxe | Especifican os criterios de avaliación concretando o que alumno debe comprender, saber e saber facer<br>Pretenden graduar o rendemento ou o logro acadado. Deben ser observables, medibles e avaliables. Poden concretarse a través dos indicadores de logro |
| Criterios de cualificación | |
| Indicadores de logro | Son especificacións dos estándares para graduar o seu nivel de adquisición. Forman parte dos criterios de cualificación do dito estándar. O instrumento máis idóneo para identificar esa graduación sería a rúbrica. |
| Grao de consecución dun estándar | Serve para sinalar o grao mínimo de consecución esixible dun estándar para superara a materia (Artº 13º, 3d da Resolución 27/7/2015) (Canto maior sexa o grao esixido de consecución máis imprescindible se considera o estándar) |
| Estándares imprescindibles | Son os estándares mínimos esixibles para superar un área. O seu grao de adquisición debería estar en torno ao 100%. |
| Criterios de cualificación e instrumentos | Serven para ponderar o "o valor" que se dá a cada estándar e a proporción que cada instrumento utilizado para avalialo achega a ese valor. |
| Procedementos e instrumentos | Foron fiixados no Proxecto curricular do Ministerios en 1992. Habería que engadir as Rúbricas ou escalas e os Portfolios . (Ver artº 7º, 6, terceiro parágrafo, da Orde OCD 65/2015 (BOE 29/1/2015) |
| Rúbrica | Instrumento de avaliación que permite coñecer o grao de adquisición dunha aprendizaxe ou dunha competencia |
| Portfolio | Achega de producións dun alumno/a |
| OUTROS ASPECTOS | |
| Graduación dos estándares | Para identificar o progreso dos mesmos ao longo dunha etapa |
| Perfil de área | Conxunto de estándares que ten unha materia. Son a referencia para a programación, a avaliación e o reforzo (Ver artº 5º, 6 Orde ECD 65/2015) |
| Perfil competencial | Conxunto de estándares de diferentes áreas relacionados coa mesma competencia clave (Ver artº 5º, 7 Orde ECD 65/2015) |
| Avaliación das competencias | "A avaliación do grao de adquisición das completencias debe estar integrada coa avaliación dos contidos, na medida en que supón mobilizar os coñecementos, destrezas, actitudes e valores (Artº 7º,3 da Orde ECD 65/2015) |
| Nivel de desempeño das competencias. | … "Poderanse medir a través dos indicadores de logro, tales como rúbricas ou escalas de avaliación … que teñan en conta á atención á diversidade (Art 7º, 4 da Orde ECD/65/2015) |
| Tarefa | É a acción ou conxunto de accións orientadas á resolucion dunha situación ou problema, nun contexto definido, combinando todos os saberes dispoñibles para elaborar un produto relevante. As tarefas ingegran actividades e exercicios. |

| | |
|---|---|
| Identificación de contidos e criterios | Exemplo: B1.1 : B1: Bloque de contido / 1: Número de contido dun bloque |
| Identificación de estándares | Exemplo: XH B1.1 .2<br>XH: Abreviatura da área: Xeografía e Historia<br>B1. Bloque de contidos do que xorde o estándar<br>1. Número do criterio de avaliación que orixina o estándar<br>2. Número de estándar dun determinado criterio de avaliación. |

A Coruña,

Sinaturas do profesorado do departamento